



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME AO CLAUSTRO UNIVERSITARIO

Cursos 2006-2007 / 2007-2008

VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME AO CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE

CURSOS 2006-2007 / 2007-2008

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En cumprimento do establecido no artigo 12 do Estatuto do valedor da Comunidade Universitaria preséntase ante o Claustro este informe da xestión realizada entre o 1 de outubro de 2006 e o 30 de setembro de 2008.

Artigo 12: *Do informe anual*

O valedor dará conta anualmente das súas actividades ao Claustro Universitario mediante un informe que incluírá as propostas de mellora que estime oportunas.

ÍNDICE

1.-	Funcionamento do Valedor.....	5
2.-	Actuacións.....	6
	2.1.- Intervencións e Mediacións.....	6
	2.1.1.- Curso 06-07	6
	2.1.2.- Curso 07-08	15
	2.2.- Queixas.....	22
	2.2.1.- Curso 06-07	22
	2.2.2.- Curso 07-08	61
3.-	Conclusións.....	107
4.-	Referencias estatísticas.....	110
	4.1.- Curso 06-07.....	110
	4.2.- Curso 07-08.....	114

1.- FUNCIONAMENTO DO VALEDOR

Tal como se indicou nos anteriores informes mantense unha dobre perspectiva de funcionamento:

- supervisar a actuación da Universidade co fin de corrixir as posibles irregularidades, demoras ou silencios e todos os indicios de arbitrariedade nas actuacións dos órganos administrativos e docentes.
- cooperar cos órganos de goberno da Universidade na procura de solucións aos problemas plantexados mediante a aportación de suxestións e recomendacións debidamente razoadas. As solucións que se propoñan axudarán a que a Autoridade Universitaria non se manteña encorsetada na normativa actual, senón que dentro do respecto aos Estatutos a revise e se interese tanto na renovación dos regulamentos como na súa prudente interpretación.

Como formas de traballo séguense mantendo as indicadas nos anteriores informes:

- *consulta diaria*, un traballo de información e orientación.
- *intervencións*, actuacións que se resolven sen necesitar ditame nin recomendación por escrito, mediante xestións persoais ou telefónicas diante dos órganos ou servicios obxecto da queixa.
- *expedientes*, naqueles casos que a súa complexidade obriga a solicitar informes e pedir ditames e que poden rematar cunha recomendación á correspondente autoridade académica.
- *mediacións*, ou actuacións solicitadas por un membro da comunidade universitaria, un colectivo ou a mesma autoridade universitaria.

Destacar de novo que a consulta persoal segue sendo a forma máis frecuente en que os membros da comunidade universitaria, principalmente os estudantes, se dirixen ao Valedor. A maioría destas consultas teñen como obxecto recadar información sobre os dereitos, en especial relacionados coa docencia, recollidos no Estatuto do Estudantado e na Normativa de Avaliación Docente, e do procedemento que teñen que seguir para reclamar o respecto dos mesmos.

2.- ACTUACIÓNS

2.1.- INTERVENCIÓNS E MEDIACIÓNS

Nalgúns casos os membros da comunidade universitaria dirixen escritos ao Valedor da Comunidade Universitaria solicitando a mediación ou o seguimento, ben de solicitudes que teñen presentadas aos órganos de goberno, ou ben de resolucións dos mencionados órganos polas que se ven afectados. Aínda que non se trata de queixas e polo tanto non se inclúen como tales, si é importante indicar esquematicamente os temas cos que se relacionan.

2.1.1.- CURSO 06/07

M-01/2007

Membros do Claustro presentaron un escrito indicando:

“Que xa transcorreron cinco meses dende as eleccións de Reitor e dos membros do Claustro Universitario sen que aínda fora convocado este órgano colexiado. E solicitan que sexa convocado o Claustro, máximo órgano de representación e deliberación da comunidade universitaria.”

A Secretaría Xeral da USC enviou o seguinte escrito:

“Comunicolle que esta Secretaría Xeral convocou 3 sesións do Claustro Universitario, dous o sete de novembro de dous mil seis e outra o vinteún de decembro de dous mil seis, sendo precisamente nestas sesións do día sete de novembro onde o presidente do Claustro Universitario deu as debidas explicacións da demora na convocatoria do Claustro, diante de todos os membros presentes.”

M-02/2007

Foi presentado un escrito en relación coa cualificación asignada nas probas de validación dun título estranxeiro.

O centro informa o seguinte:

1.- A Comisión para avaliar a Proba Conxunta para a Validación de Títulos foi nomeada pola xunta da facultade.

2.- Realizadas as probas polo reclamante estas foron valoradas pola Comisión, emitindo a súa cualificación que era de non apto en dúas materias.

3.- Á vista dos escritos dirixidos polo interesado, a Comisión reuniuse novamente ratificándose na cualificación, dándolle ademais traslado do acordo ao interesado.

4.- Por outra banda debo engadirlle, que este decanato mantívose en contacto co alumno en cuestión, trasladándolle toda a información da que se dispoñía e que nos fose solicitada.

5.- Cónstame tamén que o alumno reuniuse persoalmente co Presidente da Comisión en relación as cuestións da súa cualificación.”

M-03/2007

Escrito presentado por un alumno que solicita a modificación do procedemento que se lle está a aplicar no cálculo da media do seu expediente académico.

A Unidade de Xestión académica informa o seguinte:

“En relación co escrito remitido por Vde. a esta Unidade, na que solicita a modificación do procedemento que se está a aplicar no cálculo da media do seu expediente académico, comunícolle que, segundo manifestou a Secretaría Xeral sobre este asunto, vaise levar á comisión de seguimento do protocolo por si fora obxecto de modificación na aplicación dos criterios establecidos nel, para que as tres Universidades Galegas, asinantes do mesmo, actúen con igual criterio.”

M-04/2007

Escrito presentado por unha estudante no que expón:

“Que padece unha enfermidade conxénita que lle condiciona un desenvolvemento correcto e normal dos seus estudos o que implicou que lle resten catro créditos para poder acceder ao 4º curso da licenciatura. E baseándose nesas circunstancias solicita que con carácter excepcional se lle permita a matrícula no 2º ciclo.”

A Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento informa que a solicitude foi desestimada e que na resolución denegatoria indicábase que:

“Considerando que a alumna ten superados 152 créditos e non cumpre cos requisitos establecidos, non procede atender a solicitude formulada.

Indicarlle que se tras os exames correspondentes á primeira convocatoria (febreiro) reúne os requisitos establecidos poderá solicitar matrícula no segundo ciclo da titulación.”

M-05/2007

Escrito presentado por unha estudante en relación coa validación de estudos dun ciclo formativo de grao superior.

O Coordinador do Convenio entre a Xunta de Galicia e as tres universidades respecto dos ciclos formativos de F.P. comunica que mantivo unha xuntanza co director do centro indicándolle que foi un erro o non incluír ese ciclo nas validacións a fin de facer unha rectificación no convenio correspondente.

M-06/2007

Escrito presentado por unha estudante sobre a programación dunha materia ao que se respostou o seguinte:

- *Os contidos das materias troncais dos planos de estudos veñen establecidos por un descritores comúns para todas as Universidades Españolas e son publicados no Boletín Oficial do Estado (B.O.E.).*
- *No caso concreto da licenciatura que vostede cursa a elaboración dos planos de estudos e os coñecementos mínimos que teñen que ser impartidos teñen que cumprir normativas aprobadas pola Unión Europea.*
- *O nivel de esixencia das materias que conforman os planos de estudos non teñen que estar condicionados polo nivel de coñecementos dos estudantes, e dende logo en ningún caso polas materias optativas que elixiron no bacharelato.*

En calquera caso, tendo en conta que a elaboración e seguimento dos planos de estudos é competencia dos centros, déuselle traslado do escrito ao decano do centro.

M-07/2007

Escrito presentado por un estudante en relación co trato que lle foi dispensado nun Servizo da USC. Dase traslado do mesmo á vicerreitoría responsable do servizo para que leve a cabo as actuacións oportunas.

M-08/2007

Dous estudantes da USC informan dos problemas que lles está causando a demora en recibir as cualificacións das materias que cursaron noutra universidade dentro do Programa Sicue-Séneca.

Enviouselle un escrito á Defensora da universidade na que realizaron os estudos solicitándolle que mediara na resolución do problema, que finalmente se resolveu.

M-09/2007

Escrito presentado por un membro da Comunidade Universitaria en relación coa participación de altos cargos da USC en convocatorias de investigación.

O Sr. reitor, e a Sra. vicerreitora de Investigación e Innovación envían o seguinte escrito:

“1.- Se ben a ocupación de cargos no Goberno da Universidade require dunha importante dedicación, elo non significa que exista algún tipo de incompatibilidade coa actividade docente ou investigadora que regularmente realizan as persoas que acceden aos devanditos cargos. Neste sentido convén lembrar que con frecuencia, e sobre todo nas universidades máis prestixiosas do mundo, eses cargos son ocupados por académicos que desenvolven unha importante actividade docente e investigadora. Esta actividade é precisamente unha proba máis da competencia e dedicación de ditas persoas á institución.

2.- É obvio que a ocupación de cargos de responsabilidade no goberno da universidade exclúe todo tipo de actividades coas que se manifeste un conflito de intereses. Sen embargo, entendemos que o feito de continuar realizando unha actividade investigadora e de concorrer a convocatorias públicas para a súa financiación, non leva asociado este tipo de conflito. Como se pode constatar, as propostas presentadas a este tipo de programas son avaliadas por paneis de avaliadores externos alleos á universidade.

3.- Sería lamentable que a capacidade competitiva e a actividade investigadora de todo un grupo de investigación se vira prexudicada debido ao feito de que un dos seus compoñentes e máis aínda o seu director, ocupe durante un período de tempo un cargo de responsabilidade académica, tendo en conta que a dita persoa nin en razón do seu cargo nin pola súa condición de investigadora intervéñen en modo algún no proceso de concesión das axudas á investigación.”

M-10/2007

Solicitude relacionada co recoñecemento dos estudos de posgraao cursados na USC.

Enviouse un escrito á Vicerreitoría de Comunidade Universitaria e Compromiso Social indicando que “a cuestión exposta non pode ser admitida a trámite como queixa, xa que a USC non está obrigada a realizar as xestións que se solicitan. Sen embargo é evidente que o recoñecemento a determinados efectos dos títulos de posgrao que se imparten nesta Universidade sería beneficioso tanto para os propios cursos, como para os estudantes que obteñen os títulos. Por iso suxiro que considere a posibilidade de levar a cabo as xestións oportunas diante dos organismos competentes da Xunta de Galicia para que os cursos de posgrao propios que imparte a USC sexan admitidos como méritos nos concursos públicos que convoque a Administración.”

Con posterioridade recibíuse o seguinte informe do Sr. secretario xeral adxunto:

“En relación co escrito sobre a consideración dos cursos de posgrao como méritos autonómicos, fixéronse as seguintes xestións:

- Contactar co Máster para averiguar a súa situación.
- Estudar os requisitos para que os cursos da USC poidan ser considerados méritos autonómicos.
- Pórise en contacto coa EGAP, que manifestou a imposibilidade do seu recoñecemento se non eran organizados pola EGAP.
- Remitir correo electrónico ao Sr. secretario da EGAP para que estude a cuestión.
- Conversa coa Dirección Xeral da Función Pública sobre o tema e reenvío do correo remitido ao Sr. secretario.”

M-11/2007

Análoga á queixa Q 0703/09

M-12/2007

Escrito presentado por un estudante solicitando información sobre a valoración das cualificacións no expediente académico, no que indica:

No curso académico 2002-2003 comezamos a nosa andaina pola universidade; tras a realización dos exames correspondentes a dito ano académico nos atopábase conhas notas cualificadas como SUSPENSO, APROBADO, NOTABLE, SOBRESAÍNTE OU MATRÍCULA DE HONRA sen ser acompañada esta nota cunha nota numérica. No seguinte ano, no 2003-2004 cambiaron as tornas e a partires de ese ano as notas serán numéricas ate hoxe. Agora ben, á hora de facela media de expediente váisenos tratar por igual un aprobado cun 5

que cun 6,9 debido a que no primeiro ano que cursamos se levaba a cabo o sistema de cualificación anteriormente mencionado e temos que arrastrar esto.

A Secretaría Xeral da USC informou o seguinte:

1.- O Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos introduciu un apartado relativo a un novo sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Este Real Decreto publicado no BOE do 18 de setembro de 2003, alterou o sistema de cualificacións ata entón aplicable nas universidades e na propia USC.

Este sistema que en vez de aplicarse só para os alumnos de novo ingreso ou para plans adaptados ao EEES, entrou en vigor co propio Real Decreto, supuxo, que alumnos que xa comezaran os estudos no 2003/04 teñan no seu expediente os dous sistemas de cualificacións.

Por outra banda non se estableceu unha equivalencia oficial numérica coas notas cualitativas vixentes ata entón.

A situación que se produce na actualidade é que existen alumnos con expedientes con notas cualitativas e cuantitativas outros con notas só cualitativas e outros con notas cuantitativas e todos eles deben competir en procesos de concorrencia competitiva.

2.- Deste xeito os sistemas para o cálculo de notas medias seguen a ser os anteriormente aplicables para notas cualitativas e así figura no Real Decreto que regula o Suplemento Europeo ao Título:

4,5 Calificación global del titulado: Nota explicativa: la ponderación de expediente se calcula mediante el criterio siguiente: suma de los créditos superados por el alumno multiplicados cada uno de ellos por el valor de la calificación que corresponda, a partir de la tabla de equivalencias que se especifica a continuación y dividido por el número de créditos superados por el alumno: Aprobado: 1 punto. Notable: 2 puntos. Sobresaliente: 3 puntos. Matrícula de Honor- 4 puntos Convalidada: puntos correspondientes en función de calificación obtenida en los estudios previamente cursados.

3.- Tamén na Comunidade Autónoma Galega regula as notas medias no Protocolo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo publicado por Resolución do 15 de marzo de 2005, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Neste Protocolo a valoración de expedientes académicos tamén ten como base para o cálculo das distintas notas medias, as cualificacións cualitativas, ou unha reconversión das cuantitativas a un sistema común:

*Os expedientes dos/as alumnos/as das tres universidades do Sistema Universitario de Galicia valoraranse do seguinte xeito: 1. Para a valoración da note media do expediente académico teranse en conta a seguintes regras: 1. 1. Calcularase de acordo co seguinte baremo:
Matrícula de honra: 4 puntos.*

Sobresaliente: 3 puntos.

Notable: 2 puntos,

Aprobado: 1 punto.

Suspenso. 0 puntos.

No caso de expedientes con cualificacións non numéricas ou numéricas establecidas no rango 0-10, estas cualificacións trasladaranse ao baremo anterior segundo o seguinte criterio de conversión

Cualificación < 4,9: suspenso. 0 puntos.

Cualificación entre 5,0 e 6,9: aprobado: 1 punto,

Cualificación entre 7, 0 e 8, 9: notable: 2 puntos.

Cualificación entre 9, 0 e 10, 0. sobresaliente 3 puntos.

Cualificación entre 9,0 e 10,0 e consignación de matrícula de honra: 4 puntos

4.- Nos proxectos normativos do MEC preténdese mudar o sistema de cualificacións polos denominados "descriptores de Dublín", proxecto que aínda non ten reflexo normativo.

5.- En consecuencia:

- A defectuosa regulación do Ministerio de Educación determina que en expedientes iguais se teñan distintos sistemas de cualificacións.
- Dado que conviven sistemas cuantitativos e cualitativos, o cálculo da nota media se fundamenta en sistemas cualitativos aos que se lle da un valor numérico.
- Tanto na regulación estatal como autonómica, o sistema de notas medias é de 0 a 4 en función da nota cualitativa

6.- Para acadar a solución que se pretende na queixa, deberían mudarse as normas que regulan as notas medias e establecer con carácter oficial unha equivalencia numérica das notas cualitativas outorgadas conforme o sistema anterior ao R.D. 1125/2003, do 5 de setembro, ao novo sistema, pero ningunha destas posibilidades é competencia da USC.

M-13/2007

Escrito no que se denuncia o escaso emprego do idioma galego na docencia, e do que se da traslado á Comisión de Normalización Lingüística por tratarse dun tema da súa competencia.

M-14/2007

Escrito asinado por 100 estudantes no que expoñen o seu desacordo co procedemento empregado na cualificación dos exames dunha materia.

Ver queixa Q 0703/03.

M-15/2007

Solicitude de mediación relacionada con problemas xurdidos durante unha estada dentro dun Programa Erasmus.

M-16/2007

Alumna do campus de Lugo que ten problemas para o envío de documentación mediante correo interno a outra unidade administrativa do campus de Santiago.

Efectúanse as xestións necesarias que facilitan o envío da documentación sen custo para a alumna.

M-17/2007

Alumna do Campus de Lugo que indica ter presentada unha solicitude de validación dos estudos que ten cursados no Centro de Linguas Modernas e sen os cales non podería acceder á bolsa Erasmus.

Dende o Centro de Linguas Modernas da USC dan resposta á solicitude da alumna indicándolle que a validación de estudos que ten solicitada non está recollida na resolución reitoral correspondente polo que non lle pode ser concedida.

M-18/2007

Escrito presentado por un estudante de terceiro ciclo da USC en relación coa convocatoria de axudas da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria para a realización de cursos e asistencia a congresos no estranxeiro. No mesmo indica que entre os requisitos solicitados piden a certificación do expediente onde conste a nota media, non servindo o novo suplemento europeo onde constan tanto as materias cursadas como a nota media.

Remitiuse ao Sr. vicerreitor de Relacións Institucionais suxerindo que se solicite da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a modificación das bases de futuras convocatorias destas axudas, e doutras análogas, de xeito que a presentación das solicitudes non orixine gastos aos solicitantes.

M-19/2007

Un grupo de pais e nais usuarios do servizo que presta a Escola Infantil Breogán expoñen o seu desacordo en relación a diferentes aspectos da Convocatoria de adxudicación de prazas para o curso 2007/2008 na referida escola.

Trasládanse ao Sr. vicerreitor de Comunidade Universitaria e Compromiso Social as inquedanzas do colectivo.

M-20/2007

Escrito relacionado coa non valoración da memoria presentada a un concurso dunha praza de profesorado.

Mantense unha xuntanza coa Sra. vicerreitora de Profesorado e Organización Académica, quen indica que foi a interesada quen non presentou a memoria requirida na convocatoria da praza.

M-21/2007

Foi presentado un escrito por unha estudante de terceiro ciclo da USC de nacionalidade chilena na que indica que o curso 2006/2007 solicitou unha bolsa de matrícula que lle foi denegada por ser estranxeira con visado pero non residente.

Solicitouse información respecto aos requisitos que deben cumprir os estudantes estranxeiros nas convocatorias de bolsas de matrícula. A Sección de Bolsas da USC comunicou o seguinte:

"1. Nas convocatorias de bolsas e axudas ao estudo que anualmente publica o Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) e que son xestionadas polo Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, tanto nas de carácter xeral como nas de mobilidade, figura un artigo que di: Para obter algunha das bolsas convocadas será preciso cumprir os requisitos establecidos no artigo 2 do Real Decreto 2298/1983, de 28 de xullo. De conformidade co disposto na Lei 3/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, na redacción dada pola Lei Orgánica 14/2003, de 20 de novembro, os estudantes estranxeiros non comunitarios deberán acreditar a súa condición de residentes, quedando excluídos de concorrer ás bolsas que se convocan por esta orde quen se atopen en situación de estancia".

2. Tamén nas convocatorias de bolsas propias da USC e seguindo o mesmo mandato da Lei Orgánica e do MEC, aos estudantes estranxeiros non comunitarios se lles esixe que aporten como documentación necesaria para obter unha desas bolsas convocadas, o permiso de residencia."

2.1.2- CURSO 07/08

M-01/2008

Foron presentados escritos en relación coas condicións de matrícula para continuar os estudos ao non ter aprobados os créditos esixidos.

A Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento informa que mediante resolución reitoral de data 12 de novembro de 2007 e conforme á normativa de aplicación na USC desestimouse o recurso.

M-02/2008

Escrito presentado por un estudante no que solicita información acerca das causas que motivaron a supresión dun Programa Oficial de Posgrao do que estaba matriculado, explicación que ninguén lle facilitou dende que o coordinador do programa lle comunicara o día 16 de outubro que dito POP non se ía levar a cabo.

O Sr. vicerreitor de Oferta Docente e EEES envía copia da Resolución Reitoral na que se aproba retirar da oferta académica o mencionado POP ao ter só sete alumnos matriculados.

M-03/2008

Escrito relacionado coa oferta de cursos do Centro de Linguas Modernas no Campus de Lugo.

Dase traslado do escrito ao Sr. vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo solicitándolle informe das previsións que se teñen en relación coa ampliación da oferta de cursos.

M-04/2008

Escrito presentado por un estudante en relación cos problemas detectados pola Unidade de Xestión Académica no seu expediente académico e que dificultan a expedición do título de licenciado.

A Secretaría Xeral da USC enviou o seguinte informe:

“- O 21 de novembro de 2007, o interesado presenta un escrito comunicando unha serie de incidencias que dificultan a expedición do título de Licenciado.

- O 26 de decembro de 2007 envíaselle o escrito á facultade para que emita informe ao respecto.

- O 13 de febreiro de 2008, a Responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos, achega o informe favorable da Comisión de Validacións da Facultade para validar os Complementos de Formación pendentes. Este informe remítese ao Servizo de Xestión Académica para continuar cos trámites establecidos.

- Do Servizo de Xestión Académica indicánnos que este tema xa está resolto, o alumno aboou as taxas de validación correspondentes, tendo así os créditos necesarios para a expedición do título.”

M-05/2008

Escrito presentado por un estudante no que expón que non se está a aplicar o Regulamento Electoral Xeral da USC ao non substituír na Xunta de Facultade aos representantes electos cando deixan de pertencer ao sector ou subsector da comunidade polo que foron elixidos.

A Sra. secretaria xeral da USC indica que comunicou ao Decanato da Facultade a perda da condición de membros da Xunta de Facultade de dous representantes dos estudantes de 1º e 2º ciclo e a súa substitución polos seguintes candidatos máis votados do mesmo sector.

M-06/2008

Solicitud de mediación presentada por un profesor da USC. O outro profesor implicado non aceptou a proposta de celebrar unha reunión, á vista do cal non procede continuar a actuación como mediador no tema exposto.

M-07/2008

Escrito asinado por estudantes no que expoñen que no marco da campaña electoral de representantes do alumnado ás xuntas de centro apareceron pegados carteis nos que se difunden datos de índole académico e persoal.

Deuse traslado do escrito á Comisión Electoral Central que decidiu abrir un período de información para aclarar os feitos sinalados e solicitarlle ao centro información dos feitos denunciados para poder emprender as accións oportunas, e poder resolver coa maior dilixencia este incidente.

M-08/2008

Consulta presentada por un estudante sobre o procedemento que segue a USC para o cálculo das medias dos expedientes académicos dos estudantes, e nomeadamente do xeito en que se inclúen os créditos de libre configuración cualificados como Apto cando o número de créditos é superior ao mínimo esixido.

No informe que lle foi solicitado a Secretaría Xeral da USC indica o seguinte:

“1.- A Xunta de Galicia e as Universidades Galegas asinaron un protocolo para a valoración de expedientes académicos que inclúe o cálculo de notas medias dos alumnos do SUG que se pode atopar en:

<http://www.usc.es/qllnormativa/xestionacademica/valorexpedacademicos.html>

intentado regulamentar todas as posibles situacións derivadas da complexidade da valoración de expedientes académicos, así como a creación dunha comisión para a resolución de dúbidas ou novas situacións non contempladas.

Este protocolo foi tamén desenvolvido na Resolución Reitoral de 19 de abril de 2005 para a súa aplicación na USC.

2.- Como se indica nestas normas e no escrito de queixa as materias cualificadas como "apto" non se teñen en conta no cálculo da nota media do expediente e só se teñen en conta para determinar se o alumno reúne os requisitos para rematar a titulación.

3.- No caso consultado, nun suposto de realización de créditos cursados a maiores, a USC, de conformidade coa normativa citada iría desprezando os de menor valor, neste caso en primeiro lugar os aprobados, en segundo lugar os notables, en terceiro lugar os sobresaíntes e en último lugar as matrículas de honra xa que como se dixo a intención do Protocolo e que os créditos cualificados como "aptos" non se teñan en conta para o cálculo da media.

4.- Respecto á segunda consulta, abarca dúas cuestións.

Respecto á primeira, se a nota media MEC se calcula pola suma de créditos superados multiplicados cada un deles polo valor da cualificación que corresponda, a partir da táboa de equivalencias divididos entre o número de créditos da titulación ou se se divide entre o número de créditos superados, procederá indicar se se aplica o Real Decreto 1267/1994 ou o Real Decreto 1044/2003, utilizando os mesmos criterios sinalados no apartado anterior para o caso de créditos a maiores.

Respecto da segunda, non se inclúen como créditos superados os cualificados como "non presentado", xa que se considera como unha materia non superada pero que non consume convocatoria.

5.- Por último cómpre sinalar:

Que se existe algún tipo de erro na valoración dun expediente dun alumno se poña en coñecemento da UXA ou da OAR para intentar solucionalo, xa que non sempre todas as situacións poden estar debidamente informatizadas (expedientes doutras universidades, estranxeiros ...).

Que se se aprecia que determinados temas non están debidamente aclarados, se propoñan para ser tratados nunha xuntanza da comisión do Protocolo para que queden resoltos definitivamente.

Que dende esa Institución debería promoverse que o tema das valoracións de expedientes debería regularse uniformemente a nivel nacional contemplando todas as posibles situacións, tendo en conta o novo sistema de cualificacións (de 0 a 10) e que sexa aplicable para todo tipo de expedientes tanto nacionais como autonómicos, establecendo tamén táboas de conversión oficiais entre cualificacións do Estado Español e as cualificacións de países estranxeiros."

Asemade seguindo a suxestión efectuada no derradeiro parágrafo do escrito da Secretaría Xeral, dende esta Institución deuse traslado desta temática á Conferencia Estatal de Defensores Universitarios.

M-09/2008

Solicitude de mediación relacionado coa demora no pago dunha indemnización.

A Asesoría Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela indica que na actualidade estase á espera de que o Tribunal acorde e inicie o trámite de execución da sentenza, no que se resolverá cal é realmente o importe que a USC deberá aboar.

M-10/2008

Análoga á M-08/2008

M-11/2008

Mediación solicitada por un estudante en relación cos problemas xurdidos como consecuencia da adaptación ao novo plano de estudos.

M-12/2008

Membros da Directiva da ANPA Monicreques da Escola Infantil Breogán da USC solicitan a intermediación do Valedor da Comunidade Universitaria en relación coa dirección pedagóxica do mencionado centro.

O Sr. reitor enviou o seguinte escrito:

“1.- A Escola Infantil Breogán, é un centro privado (con rexistro na Consellería de Educación), autorizado para impartir o primeiro ciclo de Educación Infantil e o 1º curso do 2º Ciclo de educación infantil (é dicir de 0 a 4 anos).

É un servizo da Universidade de Santiago para os fillos/as das/dos súas/seus traballadoras/es e estudantes.

A titularidade da Escola corresponde á USC, no posuíndo, polo tanto, personalidade xurídica de seu.

Dita gardería xa figuraba dende o ano 1985 no Rexistro de Garderías Infantís laborais, e, actualmente está inscrita e recoñecida pola Consellería de Educación como Centro Educativo privado, cumprindo tódolos requisitos legais.

Na actualidade non é un centro social nin figura rexistrado como entidade prestadora de servizos sociais.

2.- En relación á dirección da Escola Infantil Breogán, a designación do director/a corresponde ao Reitor, de conformidade co artigo 5 do seu Regulamento.

As funcións veñen recollidas neste Regulamento, aprobado en uso das competencias propias da autonomía universitaria pola Xunta de Goberno do 30 de xaneiro de 1992, que son as seguintes

5.2. - Son funcións do/a Director/a as seguintes:

a) exercer a representación da Escola Infantil.

b) supervisar os servizos administrativos propios da Escola Infantil e exercer a autoridade sobre todo o persoal adscrito a mesma.

c) coordinar e dirixir as actividades da Escola Infantil, de acordo coas directrices fixadas polo equipo pedagóxico.

d) convocar a Comisión da Escola por orde do seu presidente e levantar actas das xuntanzas da Comisión de Escola en función de Secretario/a deste órgano.

e) coordinar as relacións do persoal da Escola Infantil cos pais.

Tamén no manual de funcións se define o posto do seguinte xeito:

DIRECCIÓN DA ESCOLA INFANTIL

Responsabilidades xerais:

Analizar, deseñar e executar proxectos, accións e programas que melloren a eficacia, calidade e produtividade do servizo.

Avaliar o funcionamento e rendemento do servizo: identificar as disfuncións e planificar as oportunas reformas nos procedementos técnicos, na organización ou nos organigramas, etc., cara á optimización do servizo. E tomar decisións que sexan da súa competencia ou facer as propostas diante dos órganos competentes.

Elaborar unha memoria anual detallada con toda a actividade do servizo.

Realizar estudos, informes, estatísticas, normas internas, de textos legais, etc., sobre temas da súa competencia.

Planificar obxectivos e deseñar e programar as actividades necesarias para o seu cumprimento.

Formular propostas para o deseño e adaptación dos perfís dos postos do seu servizo e na selección do persoal, cando lle sexa requirido.

Cumprir coas disposicións de aplicación en materia de prevención de riscos laborais.

Específicas:

MISIÓN DO POSTO: Realizar as tarefas de dirección da escola infantil da USC, coordinando e organizando a xestión así como a súa planificación e o seu control.

FUNCIÓNS

Xefatura do persoal da escola infantil

Dirixir e controlar ao persoal adscrito, supervisando o cumprimento das súas obrigas en materia de horarios, rendemento, etc.

Facer propostas relativas a: licencias, permisos, contratacións, incumprimentos e outras incidencias de persoal.

Motivar a formación permanente e a actualización de coñecementos e técnicas.

Recompilar, actualizar e comunicarlle ao persoal que está ao seu cargo as disposicións legais e normas relacionadas con temas da súa competencia.

Informar ao persoal sobre as disposicións legais vixentes en materia de seguridade e saúde laboral, así como controlar o cumprimento das medidas establecidas para a prevención de riscos laborais.

Responsabilidade da xestión económica:

Realizar anualmente as propostas de orzamentos en función das necesidades. Xestionar o orzamento aprobado para o servizo, no ámbito das súas competencias.

Xestionar a actividade económica orixinada polo servizo: planificar a compra de material, seleccionar e negociar unhas óptimas relacións calidade-prezo e responsabilizarse das reclamacións oportunas.

Avaliar os medios técnicos de que dispón para procurar que sexan eficaces e competitivos facendo propostas razoadas á Xerencia para a súa renovación ou

ampliación, e elaboraranse informes coas especificacións técnicas, calidades existentes e prezos de referencia no mercado.

3.- No presente caso a actual directora foi nomeada conforme a normativa universitaria, pertence ao titular do centro, a Universidade de Santiago de Compostela, é pedagoga e posúe a titulación e o perfil adecuado ás necesidades do centro, sen que exista unha normativa xeral ou da Consellería de Educación que determine as características da dirección de centros totalmente privados e para a prestación dun servizo interno como é o de gardería laboral da USC.

4.- Por último indicar que os asinantes do escrito non concretan as funcións que desenvolve a dirección do servizo e que presuntamente non son da súa competencia, polo que non é posible pronunciarse sobre este aspecto.”

M-13/2008

Solicitude de mediación presentada por unha estudante en relación coa demora no pago dunha bolsa de estudos.

M-14/2008

Escrito presentado por un membro do P.A.S. da USC en relación cos feitos acaecidos nun aparcamento do Campus Sur.

O Sr. reitor da USC enviou un informe das actuacións que se levaron a cabo.

2.2.- QUEIXAS

2.2.1- CURSO 06/07

Q 0610/01

Queixa presentada por un estudante da USC en relación co uso do galego polo persoal dunha Unidade de Xestión Académica (UXA)

No informe que se recibiu da UXA indícase que nesa “Unidade sempre que o alumno pregunta en galego, se lle responde en dito idioma. Igualmente en castelán.”

Polo que *enviouse un escrito lembrando que o Regulamento do uso do galego na USC, aprobado por Xunta de Goberno do 22 de decembro de 1993, no seu artigo 5 establece:*

5. USO ORAL

5.1 O persoal da Universidade de Santiago que atenda ao público dirixirse aos cidadáns en galego, agás nos casos en que estes soliciten ser atendidos en castelán.

Q 0610/02

Queixa relacionada cos prezos dunha cafetería-comedor universitaria na que se indica que non se respecta a lista de prezos correspondente ao período 2004-2006.

Enviouse á Vicerreitoría de Comunidade Universitaria e Compromiso Social a seguinte recomendación:

“.../...téñense tramitado varias queixas relacionadas co funcionamento dos servizos de cafetería-comedor da USC polo que suxiro que se considere a posibilidade de realización de controles periódicos do cumprimento das condicións establecidas nos pregos de prescricións técnicas, así como o establecemento de procedementos, como poden ser follas de reclamacións internas, polos que os usuarios poidan achegar a esa vicerreitoría as suxestións e

reclamacións que consideren oportuno sobre o funcionamento dos mencionados servizos.”

Con posterioridade o Sr. vicerreitor de Comunidade Universitaria e Compromiso Social informa do seguinte:

“Seguindo as súas recomendacións, estamos rematando coa elaboración do protocolo de inspección administrativa de cafeterías e comedores universitarios. Para a elaboración deste protocolo, tivemos en conta as cláusulas dos contratos que os empresarios asinaron coa USC e os pregos de cláusulas particulares que os acompañan.

Esta mesma semana enviaremos o proxecto definitivo á Asesoría Xurídica para que nos dean o visto e praxe, e así poder iniciar, o máis axiña posible, a inspección administrativa destes establecementos co obxectivo de comprobar o total cumprimento, por parte dos empresarios, das obrigas contraídas.

Ao mesmo tempo, xa temos na imprenta as follas de reclamación interna, que enviaremos en breve a tódalas cafeterías e comedores xunto cos carteis indicadores da súa existencia, coa finalidade de que os usuarios poidan achegar a esta Vicerreitoría as súas reclamacións ou suxestións, e deste xeito poder adoptalas medidas oportunas para a súa solución.

Por outra banda, e en relación coa indicación que fai o reclamante, os prezos vixentes nas cafeterías e comedores universitarios figuran na páxina web da Vicerreitoría, (<http://www.usc.es/es/servizos/sur/prezos.jsp>).”

Q 0610/03

Queixa presentada en relación cos prezos nun comedor universitario.

Análoga á queixa anterior.

Q 0610/04

Queixa presentada por unha estudante na que expón que a USC non está a aplicar a exención de prezos públicos de matrícula ás vítimas do terrorismo, tal e

como establece o artigo 7.1 da Lei 32/99 do 8 de outubro de Solidariedade coas vítimas do terrorismo.

Á vista dos informes que foron solicitados enviouse o seguinte escrito á Secretaría Xeral da USC:

No informe que lle foi solicitado o Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Norte indicou *“que a solicitude de exención de prezos públicos de matrícula que presentou nesta Unidade con data 26/09/06, por vítimas do terrorismo, foi tramitada ao Servizo de Xestión Académica con data 29/09/06 para a súa resolución.”*

Á vista do anterior solicitouse informe ao Servizo de Xestión Académica, o que con data 30 de xaneiro de 2007 contestou o seguinte:

“En relación co seu escrito, Exp. nº.: Q 0610/04, de 20 de decembro, infórmolle que a petición inicial do 23 de outubro de 2006 por unha queixa presentada, non foi contestada por estar á espera dun pronunciamento da Xunta de Galicia sobre a posible compensación dos prezos públicos correspondentes seguindo instrucións da Secretaría Xeral.”

Por iso, e tendo en conta que non se está respectando o dereito que a Lei 32/99 outorga á presentadora da queixa, recomendo que se leven a cabo, coa maior urxencia posible, as accións necesarias para que lle sexa aplicada a exención de prezos públicos de matrícula.

A Secretaria Xeral da USC informa que a Reitoría resolveu proceder a devolver as cantidades efectivamente abonadas pola presentadora da queixa.

Q 0610/05

Queixa asinada por un grupo de estudantes en relación coa coincidencia de horarios en distintas materias. Na mesma expoñen:

“Que existe un solapamento de horarios entre as materias troncais e optativas de 4º e 5º curso 06/07 polo que é imposible a asistencia presencial ás clases.”

O centro remite un informe xustificativo no que indica:

“A organización docente asegura a non coincidencia dentro do mesmo curso, mais dadas as circunstancias actuais, de dispoñibilidade de espazos, é imposible evitar coincidencias entre diferentes cursos.”

Q 0610/06

Escritos de queixa en relación cos problemas xurdidos na matrícula nun Programa Oficial de Posgrao e na posterior solicitude de anulación da mesma.

A Unidade de Xestión Académica informa que:

“As anulacións foron realizadas e que a resposta ás mencionadas solicitudes sufriu unha demora debido a cambios realizados para este curso nas delegacións de competencias sobre a sinatura das anulacións de matrícula.”

Q 0610/07

Queixa presentada por unha estudante en relación cunha solicitude de bolsa de estudos.

A Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento comunicou que mediante Resolución Reitoral de data 20/11/2006 foi desestimada a solicitude por non ter aprobados os créditos necesarios.

Q 0610/08

Queixa relacionada coa denegación dunha solicitude de gratuidade de prezos públicos.

No informe recibido indícase que a solicitude foi denegada debido a que a data do contrato da presentadora da queixa coa USC é posterior ao peche do prazo de matrícula.

Q 0610/09

Queixa presentada por un membro do cadro de persoal laboral da USC, en relación coa xestión das listaxes de agarda de oficiais de laboratorio.

A Vicexerencia da USC envía un informe das actuacións no que manifesta que se produciu unha interpretación errónea que non se axustaba ao acordado na mesa de negociación de criterios de xestión de listaxes, e que finalmente ofertóuselle unha vacante de oficial de laboratorio no Campus de Lugo.

Q 0611/01

Queixa referida aos problemas xurdidos na adquisición dun ordenador a través do Programa Uniporta.

No informe recibido da Área de Tecnoloxías de Información e Comunicación da USC indícase o seguinte::

“Vista a exposición de feitos e solicitude presentada desenvolveuse o seguimento da incidencia mencionada.

Por parte do servizo técnico de Samsung, aínda que o equipo estaba en garantía, non se consideraba que o problema xurdido se debera a un defecto de fabricación amparado na garantía, senón a un mal uso ou golpe. Procedía por tanto entablar as accións pertinentes, por parte da usuaria, diante do Instituto Galego de Consumo e demais autoridades competentes na materia.

Por parte da USC, solicitouse, a empresa Óptize, promotora da campaña de adquisición de portátiles na USC, para que mediará no problema, aceptando a mesma, aínda que non era a súa responsabilidade, a reparación do equipo.

Así se fixo e foi comunicado á solicitante a principios do mes de decembro, quedando resolta a incidencia presentada.”

Q 0611/02

Queixa relacionada cos cursos do C.A.P. que se imparten en Lugo. Na mesma indícase o seguinte:

1.- Que os titulados do ámbito das Ciencias Sociais que asisten aos mencionados cursos na modalidade ordinaria no Campus de Lugo vense obrigados a trasladarse a Santiago de Compostela para asistir aos seminarios de Didáctica Específica.

2.- Que o horario que lle corresponde á modalidade semipresencial, venres de 16:30 a 21:00 h., lles prantexa dificultades tanto pola hora de inicio ás persoas que traballan, como pola hora final xa que non teñen transporte público para o regreso.

3.- Que se senten discriminados con respecto aos matriculados noutras Didácticas Específicas que si son impartidas no Campus de Lugo.

4.- No caso de que non teñan posibilidade de continuar o C.A.P. por non poder desprazarse a Santiago de Compostela non se lles devolve o importe da matrícula.

No informe recibido o Sr. director do Instituto de Ciencias da Educación (ICE) expón o seguinte:

“Xúntase o informe solicitado en relación ao expediente nº Q 0611/02 sobre as razóns polas que os licenciados da Área de Ciencias Sociais matriculados no curso do CAP no campus de Lugo, teñen que cursar a Didáctica Específica en Santiago de Compostela, e sobre a non devolución do importe de matrícula.

1. O Instituto de Ciencias da Educación fai pública a convocatoria do curso do CAP no mes de maio anterior ao seu comezo, indicando na mesma os requisitos de matrícula e as condicións organizativas do mesmo. Toda persoa que se matricula coñece polo tanto, os requirimentos de calendario, horarios, grupos, reorganización de grupos.... Esta información facilítase a través dos seguintes medios:

- páxina web www.usc.es/ice/cap
- díptico de información xeral e folleto de información sobre as localidades de desenvolvemento das didácticas específicas, incluído no sobre de matrícula.
- carteis enviados a tódolos centros docentes da USC.

2. O curso do CAP, no seu período académico, organízase arredor de dous bloques de traballo:

- Bloque Común, idéntico para todo o alumnado do CAP no que se imparten seminarios relacionados coa formación socio-psico-pedagóxica dos docentes. Desenvólvese nas dúas localidades de realización do curso -Lugo e Santiago de Compostela- e nas dúas modalidades organizativas -ordinaria e semipresencial-.

- Bloque Específico: Seminario de Didáctica Específica das áreas e materias do Ensino Secundario, que se concreta no ICE da USC nunha oferta de 19 especialidades. Por cuestións de carácter organizativo -espazos e profesorado fundamentalmente- e de utilización racional dos recursos económicos, o ICE reagrupa aos alumnos das especialidades que non acadan un número mínimo 20 alumnos/as- para cursar este Seminario nun único grupo que se desenvolve na modalidade Semipresencial, ben en Lugo -se hai número suficiente-, ben en Santiago de Compostela. Esta información está indicada na páxina web do Instituto desde antes de comezar o curso -apartado "localidades"-, e nunha folla informativa específica que se inclúe no sobre de matrícula -que tamén se acompaña a este escrito- de maneira que todo o alumnado de Lugo sabía antes de matricularse se ía realizar a Didáctica Específica nesa localidade -circunstancia que só se concreta neste curso en 3 das 19 especialidades- ou tería que se desprazar a Santiago. Este é o caso dos alumnos e alumnas da Didáctica das Ciencias Sociais, Xeografía e Historia de Lugo - 13 matriculados-, que, por outra parte, están acudindo ao curso en Santiago con total normalidade e regularidade sen que teñan presentado no ICE ningún escrito ou feito chegar comentario de ningunha clase. A decisión de matricularse é, evidentemente, responsabilidade persoal; o cumprimento das condicións de convocatoria, correspóndelle ao ICE.

3. En relación á devolución do importe de matrícula, non procede por canto a convocatoria do Curso específica que "En ningún caso se procederá á devolución do importe da matrícula do CAP agás de non ser posible a realización do curso por causas imputables á Universidade", circunstancia que non se dá neste caso.

Sabemos que a organización dun curso no que se involucran un número tan importante de alumnado e profesorado, con diferentes localidades e modalidades de realización, non está exento de dificultades, e esforzámonos por minimizar os efectos negativos que podan ocasionar algunha das medidas organizativas que necesitamos poñer en marcha. Na liña de mellora continuamos, recibindo do bo grado cantas suxestións se queiran facer chegar nunha dinámica constructiva."

Q 0611/03

Queixa presentada por un estudante de terceiro ciclo en relación coa súa exclusión das Bolsas da Xunta de Galicia para estudantes de 3º ciclo.

Ver queixa Q 0807/07.

Q 0611/04

Queixa presentada por un estudante da USC en relación co uso do galego polo persoal de administración e servizos dunha UXA.

No informe recibido indícase o seguinte:

“Teño que facer referencia á situación con que nos atopamos nalgúns momentos, debido á cantidade de alumnos que veñen ao negociado en determinadas épocas, na que a demanda de información e de trámites fai que o persoal se atope de algunha forma “saturado”. Dikir, ademais que tendo en conta que temos moitos alumnos que non son galegos, os idiomas os imos alternando segundo a lingua utilizada por eles. Respecto do caso que nos ocupa, é posible que o persoal deste negociado se dirixira ao estudante en castelán, non podemos dicir o contrario, pero o que si lle podo asegurar é que en ningún momento ese estudante nos pediu que faláramos en galego e non en castelán, xa que nese suposto, asegúrolle que así o fariamos, tendo en conta que é o galego o idioma que acostumamos a utilizar, excepción dos casos mencionados anteriormente. Explicado o anterior, só me resta pedir desculpas polo feito exposto e por ter sido este negociado destino dunha queixa destas características, tendo en conta que o noso interese é o trato exquisito ao estudantado en todas aquelas facetas nas que temos responsabilidade, como é a atención ao público e o trámite de infinidade de cuestións vinculadas ás nosas funcións.”

Q 0611/05

Presentada por unha estudante en relación coa demora na expedición da súa tarxeta universitaria de identidade.

O Sr. vicerreitor da Comunidade Universitaria e Compromiso Social indica o seguinte:

“A USC envioulle o día 30 de novembro ao BSCH, a confirmación de que a alumna estaba matriculada. O día 4 de decembro o BSCH, recibidos os datos da alumna enviados pola USC, iniciou as xestións para que, no prazo dun mes, a interesada reciba a tarxeta universitaria de identidade.

Segundo me informan, non se observa ningunha incidencia no procedemento de tramitación e, polo tanto, recibirá en breve a súa tarxeta.

No momento da matrícula tiveron que entregarlle á alumna unha tarxeta de cartón que, en tanto non recibe a magnética, pode utilizar nos distintos servizos da USC. Se no momento da matrícula, non lle entregaron esta tarxeta, no Servizo de Xestión Académica poden imprimirlle unha no mesmo momento da súa solicitude.”

Q 0611/06

Queixa presentada por unha estudante en relación co procedemento de revisión de exames seguido por un profesor.

O valedor mantén unha entrevista co profesor implicado informándolle da normativa que ten aprobada a USC ao respecto e facéndolle ver a obriga de cumprir a mesma.

Q 0611/07

Queixa relacionada co procedemento de valoración de méritos nun concurso para a contratación de profesorado interino de substitución.

A Sra. vicerreitora de Organización Académica e Profesorado indica o seguinte no seu informe:

“En relación coa valoración do expediente académico, infórmolle que o grao de afinidade da titulación foi determinado segundo se establece no artigo 18.2 da

Normativa pola que se regula a selección do persoal docente e investigador contratado e interino da Universidade de Santiago de Compostela (aprobada polo Consello de Goberno o 17 de febreiro de 2005), considerando que no anexo III a que fai referencia o devandito artigo non se recoñece afinidade entre a área de Didáctica das Ciencias Experimentais e a Licenciatura en Xeoloxía.

Tendo en conta que o presentador da queixa figura como aspirante no novo concurso e que o título que aporta corresponde a unha licenciatura que non se imparte na USC, este Servizo á hora de prevalorar o seu rendemento académico faralle saber á comisión de selección esta circunstancia para que considere a posibilidade da súa valoración.

En todo caso, cando se aborde a elaboración dunha nova normativa ou revisión da actual, terase en conta a observación formulada.”

Q 0612/01

Queixa presentada por unha estudante da USC en relación co funcionamento do servizo de portería dunha residencia do Sistema Universitario de Residencias (SUR).

Á vista dos informes recibidos indicando os motivos do problema de persoal no servizo de portería, mantense unha entrevista co Sr. vicerreitor de Comunidade Universitaria e Compromiso Social, quen informa das actuacións que se ten previsto levar a cabo para garantir a igualdade do servizo en todas as residencias.

Q 0612/02

Escrito presentado por membros do Colectivo de Investigadores Ramón y Cajal da USC

A Sra. vicerreitora de Profesorado e Organización Académica informa que se están mantendo reunións con este colectivo informándolles en todo momento das medidas que se están a tomar.

Q 0612/03

Análoga á queixa Q 0807/07

Q 0612/04

Queixa relacionada cunha solicitude de acceso ao 2º ciclo.

A Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento informa que lle foi comunicado ao presentador da queixa que non reúne os requisitos de acceso ao segundo ciclo do novo plano de estudos, ao non ter superados os créditos mínimos necesarios entre materias troncais e obrigatorias, segundo a normativa en vigor.

Q 0612/05

Queixa presentada por un membro do PDI da USC en relación coa Resolución da Convocatoria de Bolsas Predoutorais destinadas a estudantes iberoamericanos.

Ver queixa Q 0803/04

Q 0701/01

Presentada por unha estudante do Curso de Aptitude Pedagóxica na que expón “a negativa por parte do ICE á expedición do certificado persoal de estudos do CAP”.

No informe solicitado o Sr. director do Instituto de Ciencias da Educación, indica o seguinte:

“1. O Curso de Adaptación Pedagóxica componse de seis seminarios, cinco teóricos e un práctico, identificados coas letras A, B, C, D, E e F. A obtención do certificado do CAP comporta a superación de todos eles ao remate do curso.

2. A alumna matriculouse por primeira vez no CAP no curso 2005/2006 e non o superou por completo. A estudante matriculouse de novo no presente curso e solicitou a validación dos seminarios superados no ano académico anterior, C, D, E e F, o que lle foi concedido. Só lle restou por superar neste curso os seminarios A e B para obter o certificado.

3. O pasado 2 de xaneiro, púxose en contacto coa Administración do ICE para solicitar a expedición do seu certificado CAP ou, no seu defecto, un certificado de estudos, posto que xa superara os seminarios A e B que lle restaban. Desde a Administración explicóuselle que aínda non rematara o curso nin o prazo establecido para que os profesores entregasen as actas no ICE, polo que non se tiña constancia da superación deses seminarios. Por outro lado, comunicóuselle tamén que esta Administración enviaría un escrito á Asesoría Xurídica da USC para ver se procedía ou non expedir un certificado do CAP ou un certificado persoal de estudos antes de ter rematado o curso.

4. Tamén o 2 de xaneiro remitíuselle á Asesoría Xurídica a consulta ao respecto, e a día de hoxe, 18 de xaneiro de 2007, non recibimos resposta. Tampouco rematou o prazo de entrega das actas, e aínda non recibimos no ICE a correspondente ao seminario B que cursou a alumna.

5. Adxunto envíolle unha copia da consulta realizada á Asesoría Xurídica. No momento en que recibamos, por un lado, a acta do seminario B na que a alumna conste como "apta", e por outro unha resposta positiva da Asesoría Xurídica, indicando que si procede a expedición de certificados antes do remate do curso 2006/2007, este Instituto non ten ningún problema en acceder á solicitude da estudante."

Q 0701/02

Queixa presentada por estudantes da USC en relación cos horarios da Biblioteca Xeral xa que consideran que no presente curso académico na mencionada Biblioteca non se implantou o horario de apertura durante as noites e os fins de semana, que viña mantendo os anos anteriores.

A Sra. vicerreitora de Investigación e Innovación informa que:

"No seo dunha política de uso racional dos recursos infraestruturais da nosa Universidade, e sempre con perspectiva de ofrecer o mellor servizo posible aos estudantes, o Consello de Dirección da USC, con data 26 de decembro de 2006, acordou tomar unha serie de medidas relativas aos horarios de apertura e peche de diversas bibliotecas da BUSC, tanto nas fins de semana e festivos, como no período extraordinario de exames. A decisión foi comunicada aos decanos dos centros e aos responsables da BUSC da USC con data de 29 de decembro de

2006. Seguidamente, esta modificación foi publicada mediante carteis e notas fixadas nas diversas bibliotecas da BUSC.

Como consecuencia desta medida, e polo que atinxe ao horario habitual das fins de semana e festivos, o número de postos de lectura vese incrementado ao ser substituída nas súas funcións a Biblioteca Xeral (218 postos de lectura) pola Concepción Arenal (950 postos).

En canto ao horario extraordinario, a decisión de pechar a Biblioteca Xeral levou aparelhada a de manter neses mesmos horarios a Concepción Arenal no Campus Sur e a Biblioteca da Facultade de Económicas (348 postos de consulta) no Campus Norte. Para chegar a adoptar esta medida tivéronse en conta basicamente dous factores, o estado delicado dun edificio histórico como é o da Xeral, e as estatísticas de uso tanto dese centro, como da Biblioteca Concepción Arenal e mais a de Económicas, durante o período do ano anterior. Estas estatísticas reflectían un grao medio de ocupación dos respectivos centros dun 30-60%.

Non obstante, tendo en conta que en certos momentos do día prodúcese un alto nivel de ocupación e co desexo de dar cobertura en exceso a estas necesidades e de observar a súa tendencia o Consello de Dirección decidiu o día 31 de xaneiro abrir en horario extraordinario a Biblioteca de Filosofía (96 postos de lectura), sita na Praza de Mazarelos, a partir do día 1 de Febreiro de 2007. Tal como se viña realizando ata agora, o persoal da BUSC leva a conta do nivel de ocupación deste centro para analízalo e avalialo coa fin de confirmar, ou pola contra, desactivar esta medida con vistas ao vindeiro período extraordinario de exames, no segundo cuatrimestre.

Actualmente, e antes de tomar unha decisión en firme con respecto ao segundo cuatrimestre, o horario de funcionamento dos diversos puntos de servizo da BUSC queda como segue:

Horario de apertura das bibliotecas en horario habitual:

1.- Semana: de 8,30 a 21,30. Todas as bibliotecas da BUSC

2.- Sábados, domingos e festivos: de 10,00 h . a 19,30 h.

Biblioteca Concepción Arenal

Biblioteca Intercentros de Lugo.

Horario extraordinario de apertura de certas bibliotecas no primeiro cuatrimestre en época de exames: do 15 de xaneiro ao 15 de febreiro, ámbolos dous incluídos:

1.- Semana: de 8,30 h. a 3 da madrugada

2.- Sábados, domingos e festivos: de 10,00 h. a 3 da madrugada.

Biblioteca Concepción Arenal.

Sala de Lectura da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Biblioteca da Facultade de Filosofía

Biblioteca Intercentros de Lugo.

Vacacións estivais (para todas as bibliotecas da BUSC)

- Xullo: 9 a 14; 15,30 a 20,30 (luns a venres)

- Agosto: 9 a 14 (luns a venres)

Consideramos que deste xeito dáse cobertura ás necesidades reais dos estudantes tal como estas viñan sendo reflectidas nas estatísticas de uso, e que a oferta de postos de lectura queda distribuída segundo o principio territorial dos

Campus, ao permanecer abertos en período extraordinario edificios do Campus Norte, do Campus Sur e mais da Zona Vella.”

Q 0701/03

Presentada por estudantes de 3º ciclo da USC en relación co incremento dos prezos de matrícula. Na mesma indican que na etapa de tese a matrícula pasou de ser practicamente gratuíta a custar 180 euros, sen que houbera un motivo aparente.

A Vicerreitoría de Oferta Docente e Espazo Europeo de Educación Superior informa o seguinte:

“En contestación ao seu escrito de 22 de xaneiro de 2007, relativo ao expediente nº: Q 0701/03, sobre unha -queixa presentada por un estudante do 3º ciclo da USC sobre o novo prezo público a aboar pola tutela académica no doutoramento (etapa de tese), cómpre indicar:

- A Universidade presta realmente este servizo de tutela académica con anterioridade a lectura da tese polo que é un prezo por un servizo efectivamente prestado.
- A competencia para o establecemento deste novo prezo por servizos académicos corresponde en exclusiva á Xunta. A USC debe aplicar este prezo por estar vinculada polo Decreto de Prezos Públicos.
- Non se trata dun incremento da matrícula respecto do ano anterior, senón de aboar un novo prezo. O Decreto do curso 06/07 establece novos prezos, nalgúns casos inferiores aos que existían (Suplemento Europeo ao Título + Título), noutros casos diferentes (probos de conxunto para estranxeiros) e noutros casos novos conceptos (tutela académica).
- A USC pretende facer fincapé na tutela académica na etapa de tese e neste senso, no borrador da regulación das actas que proximamente se publicará, recóllese a necesidade de formalizar unha acta anual na que se dea conta anual do resultado da tutela.
- Dado que a competencia para o establecemento destes prezos corresponde en exclusiva á Comunidade Autónoma de Galicia, a suxestión remitírase á Xunta para a súa opinión.”

Q 0701/04

Queixa presentada por un estudante en relación coa validación dun curso de posgrao propio da USC.

O director do CPTF informa da Resolución Reitoral do 28 de xullo de 2006 sobre recoñecemento de estudos de posgrao, na que se inclúen entre outras situacións, a de estar en posesión dos requisitos de acceso, pero non reunir os requisitos para a expedición do título.

Q 0702/01

Queixa relacionada cos prezos da cafetería dun Centro da USC.

Dado que con anterioridade téñense tramitado varias queixas relacionadas co funcionamento dos servizos de cafetería-comedor da USC *suxírese ao vicerreitor que considere a posibilidade de realización de controles periódicos do cumprimento das condicións establecidas nos pregos de prescricións técnicas, así como o establecemento de procedementos, como poden ser follas de reclamacións internas, polos que os usuarios poidan achegar a esa vicerreitoría as suxestións e reclamacións que consideren oportuno sobre o funcionamento dos mencionados servizos.*

Con posterioridade o Sr. vicerreitor de Comunidade Universitaria e Compromiso Social comunica o seguinte:

“Seguindo as súas recomendacións, estamos rematando coa elaboración do protocolo de inspección administrativa de cafeterías e comedores universitarios. Para a elaboración deste protocolo, tivemos en conta as cláusulas dos contratos que os empresarios asinaron coa USC e os pregos de cláusulas particulares que os acompañan.

Esta mesma semana enviaremos o proxecto definitivo á Asesoría Xurídica para que nos dean o visto e prace, e así poder iniciar, o máis axiña posible, a inspección administrativa destes establecementos co obxectivo de comprobar o total cumprimento, por parte dos empresarios, das obrigas contraídas.

Ao mesmo tempo, xa temos na imprenta as follas de reclamación interna, que enviaremos en breve a tódalas cafeterías e comedores xunto cos carteis indicadores da súa existencia, coa finalidade de que os usuarios poidan achegar a esta Vicerreitoría as súas reclamacións ou suxestións, e deste xeito poder adoptar as medidas oportunas para a súa solución.

Por outra banda, e en relación coa indicación que fai o reclamante, os prezos vixentes nas cafeterías e comedores universitarios figuran na páxina web da Vicerreitoría, (<http://www.usc.es/es/servizos/sur/prezos.jsp>).”

Q 0702/02

Escrito presentado por un profesor no que expón o seguinte:

"Ultimamente moitos alumnos da nosa titulación (Filoloxía Alemana) véñense queixando de que no Suplemento Europeo ó Título, baixo o epígrafe 2.5 "Lingua utilizada na docencia e nos exames/ Language of instruction/examination" figura só a indicación "Galego e castelán", cando na nosa titulación e noutras da nosa facultade a lingua en que se imparte o segundo ciclo (e parte do primeiro) é o alemán. Cónstame que algúns alumnos teñen protestado por este feito e que como resposta se lles indicara que baixo ese punto pónense as linguas cooficiais da Comunidade. Pero o epígrafe non se fixo para sinalar o idioma do país no que se cursaron os estudos, senón literalmente para indicar a lingua de uso na docencia. O uso doutras linguas de UE na docencia é un claro factor de internacionalización e de integración no EEES.

A información que se ofrece no SET é neste punto realmente incorrecta, xa que os alumnos cursaron alomenos dous anos facendo traballos, exposicións, exames e lecturas en alemán. Por tanto, os alumnos non só falan e escriben na lingua estranxeira, senón que deben aprender unha terminoloxía científica e usala con propiedade na súa labor discente. Considero que iso representa un esforzo engadido moi importante ao que dedican moitísimas horas da súa carreira e que se debe reflectir nun documento como o SET. A Universidade sabe qué materias se imparten na lingua estranxeira porque os profesores indicámolo nos programas. Por este motivo, rógovos que estudedes a maneira de modificar a información do epígrafe 2.5 para axustala á realidade da nosa Universidade."

O Sr. vicerreitor de Oferta Docente e EEES informa:

"Dende o mes de xuño de 2007, xa figura no epígrafe 2.5 do SET, ademais do galego e castelán, o alemán segundo o que me informan dende o Servizo de Xestión Académica."

Q 0702/03

Queixa presentada polos representantes de alumnos dun centro acompañada de follas con 85 sinaturas de estudantes, na que dan conta da situación prantexada na docencia dunha materia que se deixou de impartir ao estar de baixa a profesora encargada da mesma.

Lémbrese á Sra. vicerreitora de Profesorado e Organización Académica a obrigatoriedade de dar cumprimento ao Acordo da Xunta de Goberno sobre procedemento extraordinario de cobertura de docencia que establece como un dos

principios xerais no seu artigo 1 que a docencia ofertada pola Universidade de Santiago de Compostela, dentro dos seus planos de estudo debe ser impartida durante toda a duración do curso académico de tal xeito que non queden alumnos sen que lles impartan a docencia que lles corresponde. Tanto os departamentos como a universidade en última instancia, ao través das vicerreitorías correspondentes deben velar para cumprir este principio xeral.”

Q 0702/04

Presentada por un estudante en relación cunha solicitude de validación de estudos dun ciclo formativo de grao superior como materias de libre configuración.

A Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento informa que a solicitude foi desestimada xa que o alumno non cumpre cos requisitos establecidos para o recoñecemento da formación profesional específica ao non estar matriculado nunha titulación incluída no ámbito de aplicación do convenio, polo que non procede atender a reclamación formulada.

Q 0702/05

Foi enviada unha comunicación por unha estudante en relación á súa participación no proxecto europeo Rebels financiado pola Axencia Nacional Sócrates e aos problemas xurdidos para a percepción da bolsa correspondente á participación en dito proxecto.

O Sr. vicerreitor de Relacións Institucionais informa que lle enviou un escrito á presentadora da queixa no que lle comunica que:

“Os compromisos da USC están perfectamente claros e delimitados. Que non houbo ningunha demora na tramitación da ampliación do proxecto e que hai proxectos de características similares que se tramitan anualmente nesta universidade e que en ningún caso se lle adiantan fondos. Que nunca houbo ningún compromiso por parte da ORE nin desta Vicerreitoría de facer adianto.”

Q 0703/01

Escrito asinado por estudantes no que informan da situación prantexada na docencia dunha materia.

Ver queixa Q 0711/05.

Q 0703/02

Queixa presentada por unha estudante en relación cos problemas que lle prantexa no seu expediente académico o cambio de carácter obrigatorio a optativo dunha das materias nas que está matriculada.

A Sra. secretaria xeral da USC enviou un escrito no que indicaba:

“1º- A petición do Centro procedeuse á modificar o carácter da materia que tiña carácter obrigatorio e pasa a ter carácter optativo, tramitando esta modificación ao Consello de Coordinación Universitaria (C.C.U.).

2º- Por Resolución do 13 de setembro de 2005 (BOE de 5 de outubro de 2006) publicase esta modificación.

3º- Na resolución do 11 de outubro de 2005 retirábase da oferta como materia obrigatoria e ofertábase con carácter optativo, e dicir, a materia desaparecía como materia obrigatoria, ao modificar o seu carácter aínda que non os seus contidos; de aí que aos alumnos que non a tiveran superada pedían solicitar unha modificación de matrícula ou solicitar a súa anulación, xa que desaparecía a obrigación de matricularse na mesma.

Cando se fixo o cambio, contempláronse os seguintes supostos:

Alumnos que tiñan superada a materia.- Neste caso, ten que manterse como obrigatoria e computar deste xeito no resume de créditos.

Alumnos que se matricularon na materia pero non a superaron antes da modificación.- Neste caso, a materia cambia o seu carácter a optativa e modifícase o resume de créditos (menos obrigatorios e máis optativos no primeiro ciclo).

Alumnos que se matriculan por primeira vez na materia no curso 2005/06, ten carácter optativo (non hai problema).

4º- No sistema informático, cambiouse o código da materia a partir do curso 2005/06, para que non afectara ao histórico dos alumnos que superaron a materia, Non obstante, para os alumnos que non superaran a materia nos cursos anteriores, o histórico desta materia (suspensos, non presentados) tiña que incorporarse ao novo código, pero como só estaba definido a partir do curso 2005/06, non admitía a introducción de notas en anos anteriores.

No caso da queixa trátase da mesma materia que en todo caso a alumna superou na terceira convocatoria, tal e como ela alega. Como se indica, so unha cuestión técnica e de xestión fai que apareza no seu expediente.

5º- A Universidade debe subsanar esta situación a todos os alumnos afectados que a teñan suspensa con anterioridade á modificación do seu carácter, e logo de que a superen como optativa as convocatorias coa cualificación de "Suspenso" deben contabilizarse na materia superada como optativa.

6º- A USC consciente desta situación intentou arranxala xa que se trata dun problema informático. Deste xeito se veu demandado pola Unidade de Xestión Académica que se solucionara este problema. A solución dada ata agora foi que nas certificacións e listados de expedientes aparecera unha nota facendo referencia á resolución reitoral e ao cambio de carácter da materia.

7º- Por parte da Unidade de Xestión Académica, vaise insistir ante os técnicos de Xescampus para que o histórico da materia se acumule ao novo código (xa que a materia é a mesma, só cambia o carácter)

Por parte da Secretaría Xeral xa se tivo unha reunión cos informáticos para solucionar o erro."

Con posterioridade a Sra. Secretaria Xeral informa que actualmente no certificado de expediente consta a materia como optativa e coas cualificacións que tiña na anterior materia.

Q 0703/03

Presentada por unha estudante en relación cos criterios de avaliación seguidos na cualificación dunha materia.

Mantense unha xuntanza coa Sra. vicerreitora de Profesorado e Organización Académica, coa dirección do departamento e cos profesores encargados da materia, quen explican os criterios empregados na cualificación da materia, e indican que para o vindeiro curso farán as modificacións necesarias na información de que dispoñen os estudantes para que non se prantexen dúbidas na interpretación dos criterios de cualificación da materia.

Q 0703/04

Queixa presentada por unha estudante en relación coa súa participación no Programa de Intercambio Erasmus.

A Vicerreitoría de Relacións Institucionais informa que a estudante non solicitou en prazo (10 febreiro – 10 marzo) e forma a súa participación no proceso de selección de estudantes Erasmus para o curso académico 2007/08, motivo polo cal é excluída do citado proceso selectivo.

Q 0703/05

Análoga á queixa Q 0701/03.

Q 0703/06

Queixa relacionada co programa Europrácticum 2007/2008 e a realización da proba de idioma.

Á vista do informe recibido enviouse o seguinte escrito á Vicerreitoría de Relacións Institucionais:

As modificacións feitas ultimamente nas bases das convocatorias de programas europeos como Erasmus ou Europrácticum fan posible que os estudantes cursen dous anos dos seus estudos en universidades europeas. Como consecuencia os trámites da solicitude de bolsa para o segundo curso poden coincidir coa primeira estancia no estranxeiro, o que prantexa problemas á hora de realizar o preceptivo exame de idiomas. No presente curso téñense recibido queixas e consultas de estudantes, que ben tiveron que desprazarse ata Santiago a realizar a mesma proba de idiomas que xa superaran o ano anterior, ou ben tivéronse que realizar xestións polos órganos responsables para que puideran realizar o exame na universidade na que estaban desprazados.

Tendo en conta que estas situacións serán cada vez máis frecuentes, e co obxectivo de evitar dificultades aos estudantes e trámites complicados aos xestores dos programas, recomendo que se estude a implantación dun procedemento que permita aos estudantes da USC a acreditación do nivel de coñecemento da lingua necesaria para disfrutalas bolsas de intercambio, e evite a realización reiterada de exames.

Q 0703/07

Queixa presentada por unha estudante en relación cunha solicitude de anulación de matrícula e traslado de expediente para continuar os seus estudos na Universidade de Coruña.

A Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento informa que a solicitude foi denegada.

Q 0703/08

Queixa presentada por 83 asinantes en relación co Acordo de mobilidade interuniversitaria das Universidades de Santiago de Compostela e Vigo.

Dase traslado do escrito ao Sr. xerente para que informe aos presentadores da queixa.

Q 0703/09

Relacionada cunha solicitude de Apoio Titorial Extraordinario.

Unha vez recibida a información solicitada dirixíuselle ao Sr. vicerreitor de Oferta Docente e EEES o seguinte escrito:

Dentro do Plan de Mellora da Calidade do Ensino que a USC aprobou en novembro de 2001 a “*Normativa para articular os procedementos extraordinarios de Avaliación e a Revisión das cualificacións*” introduciu no Artigo 2.4 o Apoio Titorial Extraordinario:

Os alumnos que teñan un máximo de dúas materias pendentes, que non sumen máis de 12 créditos, con catro convocatorias esgotadas en cada unha, poderán solicitar un apoio titorial extraordinario para as ditas materias sempre que teñan superado o 80% dos créditos troncais e obrigatorios para titularse. Este apoio titorial restrinxirase a un máximo de dúas materias en toda a titulación.

A pesar do escaso tempo de aplicación e da escasa implantación que este procedemento ten entre os estudantes os seus resultados poden cualificarse de bos se se teñen en conta os correspondentes ao curso 2005/2006:

Nº total de alumnos en situación de solicitar Apoio Titorial Extraordinario (ATE):	200
Nº de alumnos que solicitaron:	41

Aprobados en Fin de Carreira:	9
Aprobados no 1º cuadrimestre e xuño:	16
Non presentados:	8
Non aptos:	6
ATE concedido no 2º cuadrimestre para setembro:	2
Nº total de aprobados:	25

No presente curso académico teñen chegado ata o Consello de Goberno da USC recursos presentados por estudantes aos que lles restan unha ou dúas materias para rematar os seus estudos e lles foi denegada a solicitude de exención de asistencia a clase. Esta circunstancia obrígaos a permanecer un ano fóra do domicilio familiar e/ou impídelles seguir cursos ou realizar actividades formativas ou laborais, que poderían levar a cabo se lles fora posible acceder á modalidade de apoio tutorial.

Por outra parte, o apoio tutorial extraordinario non implica un distinto nivel de esixencia ou de coñecementos adquiridos, se non un procedemento diferente de ensinanza que facilita a incorporación á actividade profesional de aqueles estudantes que están máis próximos a titularse.

Por iso recomendo que se revisen as condicións esixidas para solicitar o apoio tutorial extraordinario facéndoas menos restrictivas, en especial no que se refire ao número de convocatorias esgotadas.

Con posterioridade o Sr. vicerreitor de Oferta Docente e EEES informa que no pasado Consello de Goberno do día 10 de xuño de 2007 aprobouse co punto 21 da orde do día a modificación do apoio tutorial extraordinario.

Q 0703/10

Presentada por unha estudante da Licenciatura en Dereito en relación cunha solicitude de validación de diversas materias dos estudos conducentes ao Diploma en Criminoloxía como créditos de libre elección para os de Dereito.

A Oficina de Análise de Reclamacións da USC informa do recoñecemento para a libre configuración curricular no curso académico 2006/2007 de parte das materias cursadas.

Q 0703/11

Queixa presentada por unha estudante en relación coa tradución do lugar de nacemento que figura no título universitario que lle foi expedido.

A Secretaría Xeral da USC informa que:

“Unha vez feitos os trámites oportunos en relación coa tradución do lugar de nacemento que figura no título universitario que lle foi expedido, esta Secretaría Xeral, decidiu que figure o nome da localidade tal e como aparece no seu documento nacional de identidade.”

Q 0703/12

Presentada por un estudante en relación coa denegación da bolsa de estudos que tiña solicitada.

O Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado enviou un informe no que indica que a bolsa denegouse polo Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) por superar os umbrais de patrimonio, tras consultar os datos que sobre a unidade familiar obran en poder da administración tributaria e que o alumno presentou escrito de alegacións onde non presenta probas en contra.

Q 0703/13

Escrito presentado por unha estudante en relación coa formalización da matrícula na convocatoria Fin de Carreira.

O Sr. vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo informa que efectuou as xestións oportunas perante a UXA e o director do centro para que se lle permita a matrícula provisional no Proxecto Fin de Carreira.

Q 0703/14

Queixa presentada por un estudante en relación coa cualificación obtida nunha materia.

A Oficina de Análise de Reclamacións informa que o alumno cualificou o escrito como recurso de alzada e unha vez instruído o expediente e recibido o informe da profesora encargada da docencia observouse que era unha reclamación das previstas no punto 2 da Normativa aprobada por Xunta de goberno do 15 de novembro de 2001 e por tal motivo remitiuse o expediente ao centro para a súa resolución.

Q 0704/01

Queixa presentada en relación coa convocatoria de prazas de Axudantes Técnicos de Informática (ATI) da USC.

Mantivéronse xuntanzas coa Xerencia, quen informa que o asunto obxecto da queixa está inmerso nun procedemento xudicial e mais estase a tramitar como unha queixa no Valedor do Pobo.

Q 0704/02

Escrito presentado por un estudante en relación coas dificultades que se lle prantexan na realización das prácticas correspondentes a un curso de posgrao propio da USC.

Dase traslado do escrito ao Sr. vicerreitor de Oferta Docente e EEES solicitándolle que leve a cabo as actuacións oportunas para resolver a situación nas vindeiras edicións do curso.

Q 0704/03

Escrito dirixido ao Valedor no que se solicita a anulación da matrícula nun curso de posgrao que foi remitido á Vicerreitoría de Oferta Docente e EEES solicitándolle que lle de resposta e informe da resolución.

O Sr. vicerreitor enviou un escrito informando que:

“A Convocatoria Xeral de Matrícula do curso 2006/2007 establece como data tope para a anulación de matrícula ata o 15 de outubro de 2006. A solicitude de anulación de matrícula da interesada é de 14 de marzo de 2007, polo tanto, fóra do prazo establecido para ter dereito á devolución dos prezos públicos abonados. O feito de non abonar ningún prazo ou de non asistir a clase non implica automaticamente a desistencia ou renuncia da matrícula. Para desistir dun procedemento como é a matrícula debe existir unha solicitude formal que manifeste a vontade incondicionada de renunciar ao mesmo, xa que o desestimento nunca se pode presumir.”

Q 0704/04

Queixa presentada por unha estudante en relación coa anulación dunha bolsa de colaboración.

Recíbese un informe dando conta das causas que xustifican a anulación da bolsa.

Q 0704/05

Presentada por unha estudante de terceiro ciclo en relación coa aplicación dos novos prezos públicos a aboar pola tutela académica no doutoramento (etapa de tese). Na mesma indica ter presentado un escrito análogo no que solicita:

“En cumprimento da disposición transitoria primeira do RD 56/2005, dado que a data de inicio dos estudos de doutoramento (ano 2002) é anterior á aprobación deste real decreto e, polo tanto, sendo de aplicación para a etapa de doutoramento o RD 778/1998 (no que a figura da “tutela académica” non existe), considérase pertinente a devolución do importe da taxa correspondente á “Titoría anual de doutoramento” (177 euros)”

O Sr. vicerreitor de Oferta Docente e EEES envía copia do seguinte escrito que remitiu ao Director Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia:

“Achego copia do escrito do Valedor da Comunidade Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela (USC) recibido nesta vicerreitoría no que se informa da

existencia dunha queixa presentada por unha estudante de terceiro ciclo da USC en relación coa taxa de tutela académica.

Habida conta de que a competencia para o establecemento destes prezos corresponde en exclusiva á comunidade autónoma transmítolle esta carta por si estima oportuno informar das causas que xustificaron a implantación de dita taxa.”

Q 0704/06

Análoga á queixa anterior.

Q 0705/01

Escrito de queixa asinado por estudantes en relación coa convocatoria e eleccións de representantes ás xuntas de centro correspondentes ao sector estudantes no que expoñen:

“Que a día 10 de maio de 2007 aínda non foron convocadas as eleccións ás Xuntas de Centro para a renovación anual do sector de estudantes, tal como ven recollido no art. 53.2 do Regulamento Electoral Xeral da USC aprobado polo Consello de Goberno o 30 de marzo de 2004 de conformidade coas liñas xerais aprobadas polo Claustro Universitario o 11 de marzo de 2004 (en adiante referido como R.E.X.)

Dado que a convocatoria destas eleccións tense que realizar cun mínimo dun mes de antelación, como recolle o art. 49.1 do R.E.X., e é necesario que a data de celebración sexa en días lectivos fóra do período oficial de exames, salvo circunstancias excepcionais, como se cita no art. 23.3 do R.E.X., a data límite de realización da convocatoria en circunstancias non excepcionais sería o día 8 de maio.”

A Sra. secretaria xeral da USC enviou o seguinte escrito:

“Comunicolle que o pasado 27 de abril de 2007, a Comisión Electoral Central reuniuse para tratar dito asunto, e ante a imposibilidade material de contar cun censo electoral para a convocatoria en tempo e forma, acordou aprazar a convocatoria de eleccións de representantes nas xuntas de centro. Como consecuencia deste acordo houbo unha reunión coa asistencia da Secretaria Xeral, o Vic. de Comunidade Universitaria e Compromiso Social, o Vic. de Economía e Financiamento, o Vic. de Relacións Institucionais e diversos representantes das asociacións de estudantes, onde se lles explicou este aprazamento. Con posterioridade recibíuse nesta secretaría xeral, o escrito asinado polos catro estudantes antes mencionados, e tívose con eles unha reunión na Secretaría Xeral na que se lles deu as debidas explicacións.”

Q 0705/02

Queixa presentada por unha estudante en relación coa denegación da revisión de cualificacións nunha materia.

A Sra. secretaria xeral remite copia da resolución do recurso presentado pola estudante no que se indica:

“A alumna no seu escrito de alzada formula unha serie de alegacións relacionadas, por unha banda co sistema de avaliación e por outra coa corrección do exame. No que respecta ao sistema de avaliación e á vista da programación da materia para o curso 2006/2007 indícase o seguinte:

“Dado que en el presente curso la asignatura será impartida de forma conjunta por los profesores titulares de la misma, el examen final constará de dos partes y será calificado por cada uno de los profesores atendiendo al contenido de la materia por ellos impartida, debiendo superar el alumno el mínimo en cada momento exigido en cada una de las partes de que consta el examen.”

Na proba realizada o mínimo esixido en calquera das partes para poder superar a materia foi de 4 puntos, e no exame correspondente a alumna obtivo 2,5 puntos, polo que non cumpriu cos requisitos para poder superar a materia.

A alumna non esta de acordo co criterio seguido polo profesor que en ningún caso evidencia unha situación discriminatoria ou arbitraria do docente senón que traslada a súa desconformidade coa corrección efectuada polo profesor e que non afectou á alumna en particular, xa que o nivel de esixencia e a adecuación das respostas a determinadas normas recollidas na bibliografía foi de aplicación xeral.

No transcurso do procedemento non se observa que o profesor tivera un trato discriminatorio ou arbitrario coa alumna ao longo do proceso de avaliación correspondente á convocatoria fin de carreira do curso académico 2006/2007 e esta instancia non é un tribunal que revise ou valore o exame realizado pola alumna, que é competencia do profesor encargado de impartir a materia quen determinou que as respostas dadas non foron satisfactorias de acordo coa programación académica e os criterios establecidos de avaliación. Non procede en consecuencia, estimar o recurso.”

Q 0705/03

Presentada por unha estudante en relación cos problemas xurdidos para a expedición do título.

A Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento informa que os problemas están ocasionados pola actuación da Universidade da que ven trasladada e indica que:

Á vista do expediente, dos informes recibidos, da normativa vixente e tendo en conta que a Universidade de orixe non deu resposta satisfactoria á USC sobre as matrículas realizadas con anterioridade á expedición do título habilitante para o acceso á Universidade, a USC adoptará as medidas oportunas para a regularización da situación.”

Q 0705/04

Foi admitida a trámite unha queixa relacionada coa convocatoria do Programa Isidro Parga Pondal na que se indica o seguinte:

“O pasado 7 de maio a Vicerreitoría de Investigación e Innovación fixo pública a convocatoria de prazas no Programa Isidro Parga Pondal, á que acompañaba unha relación de Áreas que non poderán solicitar prazas na convocatoria Parga Pondal 2007, entre as que se atopa a de ..., relación que continúa aínda hoxe na páxina web de dita Vicerreitoría e que impediu á maioría dos grupos da mendada área a concorrer a dita convocatoria.

A pesar diso, o derradeiro día 29 fíxose pública a relación de prazas ofertadas Parga Pondal 2007 na que consta unha praza.

Non tendo constancia de resolución algunha da Vicerreitoría de Investigación e Innovación posterior ao día 7 de maio que anulase a anteriormente referida relación excluínte de áreas, é polo que denuncio tal actuación ante Vde.”

Á vista do informe recibido enviouse un escrito á Vicerreitoría de Investigación e Innovación coa seguinte recomendación:

Tendo en conta o exposto e dada a importancia que teñen estas convocatorias, débese facilitar a participación de todos os grupos de investigación polo que recomendo:

1.- Que previamente á publicación das convocatorias se actualicen as bases de datos que se empregan na elaboración das mesmas.

2.- Que no caso de que se dean situacións análogas á que motivou a presente queixa se proceda á apertura dun novo prazo para os grupos de investigación afectados, poidan presentar a súa solicitude, e que se informe aos coordinadores dos mesmos.

Q 0705/05

Escrito presentado por un estudante de terceiro ciclo en relación cos feitos acontecidos no centro no que realiza a súa tese de doutoramento durante o desenvolvemento dun simulacro de incendio.

Póñense os feitos en coñecemento do Sr. vicerreitor de Oferta Docente e EEES para que leve a cabo as actuacións que considere oportunas e informe da obriga de cumprir as normas de seguridade.

Q 0705/06

Presentada por unha estudante en relación coas prácticas dunha materia.

O centro informa da organización das prácticas da materia e pon de manifesto que os feitos que motivan a queixa son debidos ao descoñecemento das condicións de realización das mesmas.

Q 0706/01

Presentada por un estudante en relación coa denegación da solicitude de axuda para o pagamento de prezos públicos por servizos académicos que tiña presentado por ser funcionario da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria.

A Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento da USC comunicou o seguinte:

A convocatoria de matrícula do curso 2005/2006, aprobada por resolución do Reitor de 01/07/2005 no seu Anexo I establece que o prazo de matrícula para continuar estudos comezados na USC remataba o 31/10/2005, e que á vista da documentación que figura no expediente, o solicitante é funcionario de carreira da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria con posterioridade á referida data polo que non se atopaba en situación de servizo activo na citada Consellaría na data na que remata o prazo ordinario de matrícula e non cumpría os requisitos establecidos na convocatoria para ser titular do dereito á subvención.

Q 0706/02

Queixa presentada por unha funcionaria na que informa dunha serie de feitos que ocasionan a súa desmotivación no posto de traballo.

Dase traslado do escrito ao xerente da USC e celébrase unha xuntanza con el na que se lle suxire que informe á funcionaria das actuacións que xustifican a situación exposta na queixa.

Q 0706/03

Queixa presentada por unha estudante en relación coa denegación da subvención de prezos públicos de matrícula para os estudos de terceiro ciclo que tiña solicitada por ser funcionaria da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria.

A Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado enviou o seguinte informe:

“En contestación ao seu escrito de data 19 de xullo de 2007, rexistro de entrada na UXA sur do día 23, Exp. nº.: Q 0706103, en relación coa queixa presentada pola estudante pola denegación da súa solicitude de subvención de prezos públicos de matrícula para os estudos de Terceiro Ciclo, infórmoo de que, realizados por esta Sección todos os trámites esixidos pola convocatoria para que a interesada presentara os documentos pertinentes para ter dereito á dita subvención sen obter contestación ningunha, como se pode ver na resolución da Secretaria Xeral da Universidade de data 27 de xuño de 2007, rexistro de saída do día 2 de xullo, na que se enumeran, explicitamente, nos Feitos e Fundamentos Xurídicos todas as causas polas que se procedeu á non concesión da subvención solicitada e polas que resolve desestimar o recurso de reposición interposto pola estudante, comunicolle que, a interesada coa resolución ditada pola Secretaria Xeral esgotou a vía administrativa e só lle cabe interpoñer o recurso contencioso-administrativo.”

Q 0706/04

Escrito cunha relación de nove asinantes no que expoñen os feitos acontecidos nun acto de graduación dos alumnos.

Dase traslado do escrito á Sra. vicerreitora de Profesorado e Organización Académica para que leve a cabo as actuacións oportunas.

Q 0706/05

Queixa presentada por unha estudante en relación coa avaliación dunha materia.

A Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento enviou o seguinte informe:

En relación ao escrito relativo ao cómputo da asistencia á clase a efectos de avaliación nas convocatorias do curso académico 2006/2007, e de acordo co establecido na Resolución Reitoral de 05/12/2005, pola que se aproba o procedemento para a tramitación de suxestións e queixas relativas á área académica da USC comunícaselle o seguinte:

1º) Con data 25/06/2007 deuse traslado do seu escrito ao profesor encargado da materia para que emitira informe. O mesmo día o profesor emitiu informe.

2º) Con data 26/06/2007 enviase o expediente ao Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica da Vicerreitoría Oferta Docente, para a súa resolución. Con data 13/07/2007 emite informe do que se lle trasladan os seguintes apartados das consideracións legais e técnicas:

“ 1. A Normativa Básica para a Ordenación do Proceso de Ensino/Aprendizaxe e da Avaliación do Rendemento Académico dos Estudantes, aprobada pola Xunta de Goberno do 15 de novembro de 2001, pretende establecer os sistemas que, en base ás competencias dos centros e departamentos, permitan levar a cabo unha docencia coordinada ao mesmo tempo que se fan explícitas as características e condicións da avaliación tanto ordinaria como extraordinaria.

2. O artigo 6 desta normativa establece “ os estudantes teñen dereito a seren avaliados en todas as materias das que estean matriculados”.

3. No artigo 7, desta mesma norma, dispón “Os alumnos deben ser informados minuciosamente sobre os criterios e métodos de avaliación, así como o tipo e número de exames. Os estudantes serán avaliados de acordo cos criterios que figuren de forma explícita na programación da materia...”

4. En relación coa programación docente, o artigo 3, establece “o departamento ten a obriga de garantir para cada materia unha Programación Docente que deberá especificar: ... VII. Criterios e sistemas de avaliación (tipo e número de probas, traballos para presentar coas posibles datas, controis periódicos, etc.)... O centro supervisará o programa e demais apartados da programación anual de cada materia se adapta ao

plan de estudos vixente e exercerá a necesaria coordinación de programas e sistemas de avaliación dentro dun mesmo curso, ciclo e titulación”.

5. O artigo 3 da normativa antes citada establece “a programación docente dunha materia pode determinar a obriga de realizar certas actividades prácticas de laboratorio, entrega de traballos, etc. sen as cales non será posible a superación da dita materia. Se as ditas actividades só poden ser desenvolvidas durante o período de clase, a Comisión de Docencia do Centro pode establecer a imposibilidade de presentación destes alumnos á convocatoria de setembro.

6. A programación docente da materia, aprobada polo Consello de Departamento e polo Centro, con data 22 de maio de 2006 e 31 de maio de 2006, respectivamente, e publicado na web da Universidade, no apartado de Sistema de avaliación da aprendizaxe establece: “para superar o exame final, esixirase un mínimo de asistencia á clase ao longo do curso que non baixará do 80% de presencias/asistencias á clase”

7. Asemade no Artigo 41 do Estatuto do estudiantado aprobado polo Claustro do 15 de decembro de 1998 regúlase a asistencia ás actividades académicas como un dos deberes dos estudantes, a posibilidade de concesión do cambio de grupo co fin de garantir esta asistencia así como a posibilidade de que a Xunta do Centro conceda a dispensa á asistencia á clase”.

No escrito do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica da Vicerreitoría Oferta Docente fórmuláanse as seguintes conclusións:

“A) De acordo coa normativa que ao respecto é de aplicación o sistema de avaliación está previsto na programación docente oficial, aprobada polos órganos competentes e publicada na web. Segundo esta programación non se impide ao alumno presentarse ao exame pero si superalo. Por outra banda, non se fai distinción entre os alumnos que cursan a materia por primeira vez e os alumnos repetidores.

B) Polo que respecta á convocatoria de setembro, hai que ter en conta o artigo 3 da normativa básica para a ordenación do proceso de ensino/aprendizaxe e da avaliación do rendemento académico, antes mencionado, polo tanto, si fora de aplicación, sería a comisión académica do centro o órgano competente para determinar se o alumno pode ou non presentarse á convocatoria de setembro.

C) Segundo se desprende da documentación existente, o alumno formalizou matrícula o 15 de novembro polo tanto a partir desta data debería figurar nas listaxes nas que deberían asinar os estudantes a súa asistencia á clase. O estudante ao non figurar na listaxe comezou a asinar no reverso desa plantilla.

Do mesmo xeito que o estudante ten a obriga de asistir á clase e realizar as actividades académicas que se indiquen na programación da materia, a Universidade ten a obriga de verificar dun xeito eficiente este control de asistencia, sempre que o mesmo teña efectos nos resultados académicos dos estudantes.

No caso do interesado, dos feitos dedúcese que o control de asistencia a clase que a este respecto realizou a USC non foi o suficientemente eficaz para detectar, en cada momento que alumnos asistían á clase e cales non, xa que o interesado non figuraba nas listaxes de control do Profesor cando, debería aparecer a partir desde o 16 de

novembro de 2006. A universidade non dispón dos datos que lle permitan coñecer de xeito incontestable si o interesado asistiu ao 80% das clases ou non, tendo en conta que fai efectiva a matrícula o 15 de novembro, e non aparece na listaxe de control na que debería asinar.

Tendo en conta todas as circunstancias producidas no caso así como que o feito de impedirle ao estudante presentarse á convocatoria de xuño e mais de setembro produciríalle un grave prexuízo”.

3º) De acordo co informe emitido polo Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica da Vicerreitoría Oferta Docente o alumno ten dereito a presentarse as correspondentes convocatorias que segundo a matrícula lle correspondan e a que se lle avalíe o exame.

Q 0706/06

Escrito de queixa relacionado coa accesibilidade á Igrexa da Universidade por persoas con algún grao de discapacidade. Na mesma expoñen:

- Que a Universidade de Santiago de Compostela organiza diferentes eventos na Igrexa da Universidade.
- Que a porta principal da Igrexa ten un tramo de escaleiras que imposibilita o acceso ás persoas con determinadas discapacidades, polo que no seu momento foi colocada unha rampla que facilitaba o acceso.
- Que a devandita rampla foi retirada polo que as persoas con discapacidade vense imposibilitadas para acudir aos actos celebrados no interior da Igrexa.

A Vicerreitoría de Infraestruturas da USC enviou un informe no que expón as actuacións realizadas no que indica que:

“a) Somos conscientes do problema de accesibilidade na Igrexa da Universidade, máis a solución do problema non depende, en exclusiva, da universidade.

b) Segundo informou verbalmente a Oficina de Arquitectura e Urbanismo, hai tempo dispúxose unha rampla de acceso, de carácter non permanente, mais o Concello de Santiago non permitiu que se mantivera porque supoñía un importante impacto sobre o patrimonio e invadía a calzada.

c) Dende hai varios meses temos realizado distintas xestións ao respecto. Puxémonos en contacto coa concelleira responsable de patrimonio, con técnicos

da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e con técnicos do Consorcio. Ata o momento non se nos ofreceu unha alternativa técnica para solucionar o problema de accesibilidade.

d) O principal problema reside en que parece inviable facer accesible a Igrexa da Universidade para persoas con minusvalía sen causar un impacto sobre o patrimonio. Así pois habería que optar, ou ben por dar solución á accesibilidade da Igrexa causando un certo impacto sobre o patrimonio, ou ben conservar este á conta de mantela inaccesible para persoas con minusvalía. A USC non está en disposición de tomar esta decisión, xa que as competencias sobre patrimonio corresponden a outras administracións.

e) Neste momento seguimos a realizar xestións diante das institucións competentes co fin de atopar unha alternativa que permita saír do punto morto onde se atopa actualmente o problema. Agardamos que nun prazo breve poidamos ter noticias positivas ao respecto.”

Q 0706/07

Presentados escritos de queixa por estudantes residentes no S.U.R. en relación co servizo e o trato recibido nun comedor-cafetaría.

O Sr. vicerreitor de Comunidade Universitaria e Compromiso Social informa que ten aberto un procedemento informativo do incidente.

Q 0707/01

Queixa referida á reclamación do importe da bolsa de estudos que lle fora concedida.

O informe solicitado á Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado indica:

“En contestación ao seu escrito en relación cunha reclamación que se lle fixo polo importe da bolsa que lle fora concedida, infórmoo do seguinte:

1. No curso 2006/2007 o estudante matriculouse dunha materia estruturada como complemento de formación.
2. Solicitou a bolsa ao Ministerio de Educación e Ciencia (MEC), que lle foi concedida.
3. Con data 7 de maio de 2007, rexistro de saída do mesmo día, e ante a revisión realizada por esta Sección, detéctase que ao estudante non lle correspondía o importe da bolsa concedida.

4. O estudante, con data 30 de maio de 2007, presenta un escrito ao reitor e ao mesmo tempo ao MEC.

5. O MEC dalle trámite e, con data 13 de xullo, rexistro de saída do día 18, desestima o recurso de reposición interposto polo interesado.

6. Posteriormente, con data 17 de xullo, preséntalle a vostede a queixa obxecto desta contestación.

7. Segundo o artigo 11. 2 da Orde ECI/2118/1006, de 16 de xuño, pola que se convocan bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral, para o curso académico 2006-2007, ao que xa fai referencia no seu escrito "os *alumnos que cursen complementos de formación para acceder a estudos universitarios de segundo ciclo só poderán obter axuda de matrícula*", axuda que xa ten concedida neste intre.

8. O artigo 42 da mesma Orde ECI di: "*Son obrigas dos beneficiarios de bolsas e axudas ao estudo, as seguintes:*

c) someterse ás actuacións de comprobación precisas para verificar, de ser o caso, o cumprimento e efectividade das condicións determinantes da concesión da axuda".

9. Así mesmo o artigo 45. 3 nos di: "*As concesión de bolsas e axudas ao estudo serán modificadas con reintegro de todos ou algún dos seus compoñentes no caso de descubrirse que foron concedidas a alumnos que non reunían algún ou algúns dos requisitos establecidos...*".

10. E o artigo 68 di: "*Contra a presente convocatoria poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Audiencia Nacional no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Estado. Potestativamente, poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo dun mes ante a Ministra de Educación e Ciencia*", dereito que o interesado debeu exercer ao non estar de acordo coas bases da dita convocatoria.

11. Dado que o estudante fai referencia varias veces ao longo do seu escrito a que non tiña coñecemento das bases da convocatoria pola que solicitou a bolsa ao MEC recordarlle que, o artigo 6 do Código Civil Español nos di que "*A ignorancia das leis non escusa do seu cumprimento*".

Por último poñer de manifesto que é norma desta Sección e do Servizo do que depende, contestar e darlle trámite a todos os escritos que nel se reciben e que teñen relación coas competencias a el atribuídas."

Q 0707/02

Escritos de queixa presentados por estudantes en relación cos criterios de avaliación, así como a convocatoria de exame de setembro dunha materia.

O decano do centro enviou o seguinte informe:

“Poño no seu coñecemento que as reclamacións presentadas neste Decanato en relación cos criterios de avaliación na materia foron atendidas en función da aplicación da normativa vixente (Xunta de goberno do 15 de novembro de 2001). Os alumnos que presentaron a reclamación citada foron entrevistados persoalmente por este Decanato.”

Q 0707/03

Queixa presentada pola desestimación da solicitude de anulación de matrícula nun programa de doutorado e a reclamación dos prezos públicos correspondentes pola USC.

A Sra. secretaria xeral da USC informou das causas da denegación nun informe no que di:

“Precisamente, polas consecuencias económicas derivadas da matrícula nunha universidade pública e do tratamento dos prezos públicos regulamentados en normas superiores, a USC esixe a formalización do desestimento/anulación de matrícula, mediante solicitude e nun prazo, e debe ser o xefe do Servizo de Xestión Académica, segundo establece a resolución reitoral de 07/07/2008 quen acepte a desistencia ou a renuncia da solicitude de matrícula dos alumnos e alumnas da USC.

Existe, en definitiva, un procedemento que regula o desestimento/anulación da matrícula para o alumnado na USC, tanto no que se refire á presentación como á resolución. Esta regulamentación publícase para xeral coñecemento e vincula á administración e ao administrado e non poden aceptarse as alegacións manifestadas pola alumna, xa que estaba á súa disposición tanto a información relativa á matrícula como a unidade administrativa responsable do procedemento.

Os principios aludidos pola alumna no seu recurso deben dirixir, ademais doutros, a actuación dos órganos de goberno. A seguridade e a confianza incrementanse coa existencia de procedementos administrativos documentados e publicados. Outro principio que debe guiar á administración é o tratamento igual para os administrados nas súas pretensións diante da administración, de aí a existencia da presentación da desistencia/anulación mediante solicitude, nun prazo determinado e diante duns órganos que levan un rexistro no que se asentán os escritos e dos que se poden obter a copia da solicitude presentada.

As solicitudes de desestimento/anulación presentadas non poden ser verbais e deben formalizarse nos prazos e diante dos órganos establecidos, e se reúnen os requisitos, son atendidas. A comunicación que a alumna realizou pertence ao ámbito da relación titor-alumna e non transcende fóra del e a solicitude de

desestimento/anulación de matrícula que presentou, unha vez rematado o prazo, resolveuse desfavorablemente polo xefe do Servizo de Xestión Académica, de acordo co procedemento aprobado pola USC, e que a alumna aceptou cando formalizou a matrícula.”

Q 0707/04

Presentada por unha estudante en relación cunha desestimación da solicitude de validación de estudos do terceiro ciclo polo proxecto de fin de carreira.

A Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento enviou un informe indicando como fundamentos da denegación:

“En relación ao alegado pola recorrente indicar o seguinte á vista da normativa:

- Os estudos que cursa a alumna correspóndense cun plan de estudos conducente á obtención dun título oficial de licenciada, elaborado e aprobado con suxeición ás directrices xerais que establece o R.D. 1497/1987 e aos do Decreto 55/2005, de 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura das ensinanzas universitarias que regulan os estudos universitarios oficiais de Grao que substitúe ao anterior.

- O Diploma de Estudos Avanzados ao que fai referencia a alumna forma parte dos estudos de terceiro ciclo, conducentes á expedición do título de Doutor. Os citados estudos non están no ámbito de aplicación do acordo do Consello de Coordinación Universitaria de 25 de outubro de 2004 citado, e non son validables por contidos incluídos en planos de estudo conducentes a títulos recollidos no R.D. 1497/1987.

- A Memoria de Investigación realizada para a obtención do grao na licenciatura ao non formar parte do plano de estudos conducente á obtención do título universitario oficial e non ter a consideración de materia tal como se esixe no apartado 1.2 do acordo do Consello de Coordinación Universitaria que di: Nos estudos conducentes a distintos títulos oficiais serán validables aquelas materias cuxo contido e carga lectiva sexan equivalentes”.

Q 0707/05

Escrito presentado por estudantes no que se indica o seguinte:

“Este ano, ao igual que os dous anteriores, tiñamos solicitado a Avenida Marqués de Sargadelos para a celebración dun festival de música, que nos denegaron por motivos de limpeza e porque tñase acordado non celebrar ningún evento deste tipo nese lugar do campus, emprazándonos a un aparcamento de terra cerca doutro centro, Pois ben, no que vai de ano xa houbo tres eventos organizados nese mesmo lugar polo concello, e as condicións hixiénicas do mesmo ao día seguinte deixaban moito que desexar.”

Solicitada información á Vicerreitoría de Infraestruturas indica:

“Os estudantes teñen razón na queixa que formulan; en todo caso cumpre unha explicación.

Esta vicerreitoría inicialmente adoptou o criterio de non permitir festas no campus sur. Posteriormente o Concello de Santiago solicitou celebrar determinados concertos incluídos nos programas de festas municipais no campus sur e aínda que nun principio mantivemos o mesmo criterio, posteriormente distintas razóns de tipo institucional leváronnos a autorizar os devanditos concertos.

Unha vez que se autorizou ao Concello, a vicerreitoría decidiu mudar o criterio inicial e autorizar as festas que se solicitaron a partir daquela, xa que entendemos que deberíamos aplicar o mesmo criterio a todos os solicitantes.”

Q 0709/01

Queixa presentada por unha estudante en relación co recoñecemento de estudos que cursou durante o curso 2005/2006 no marco dun programa Erasmus.

A Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento informa que lle foron recoñecidos parcialmente os estudos cursados.

Q 0709/02

Queixa presentada por unha estudante dun programa oficial de posgrao en relación coa desestimación dunha solicitude de modificación de matrícula.

A Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento informa que a denegación de solicitude foi debida a que a solicitude foi efectuada fora dos prazos establecidos na convocatoria de matrícula e na resolución reitoral de 27/02/2007.

Q 0709/03

Foi presentado un escrito de queixa por unha profesora da Universidade de Santiago de Compostela en relación co cálculo das medias para a obtención das bolsas de 3º ciclo que convoca a Xunta de Galicia.

A Vicerreitoría de Oferta Docente e EEES enviou o seguinte informe:

1.- Corresponde á Xunta de Galicia establecer o sistema de cálculo das medidas así como interpretar a convocatoria de bolsas do terceiro ciclo. A USC o que fai é de colaboradora aportando os datos que nos solicitan.

2.- A información que se facilitou inicialmente á Xunta foi a media desas titulacións de segundo ciclo, así como a media dos alumnos obtida nesa concreta titulación. E estes datos remitíronse polos seguintes motivos:

- Porque son titulacións de segundo ciclo, e non necesariamente continuación dos mesmos estudos previos.

- Porque o protocolo establece que se fará a media da titulación.

- Porque este é o sistema que se segue para todas as titulacións do SUG. Este é o xeito de enviar os datos nas outras universidades.

- Porque se trata de comparar elementos semellantes.

- Porque o primeiro ciclo ou outra titulación é só un requisito de acceso.

- Porque na regulación estatal só se computa deste xeito (Suplemento Europeo ao Título).

Non obstante o anterior, como xa se dixo anteriormente, corresponde á Xunta establecer o sistema de cálculo, interpretar a convocatoria e outorgar as bolsas.

Deste xeito e a petición da Xunta, con data do 13 de novembro remitiuse un novo listaxe á Xunta na que se contiña tamén a nota media dos estudos dos alumnos que cursaron un primeiro ciclo e que piden bolsas para titulacións de segundo ciclo. Neste listado inclúese o número de créditos superados e a nota media da titulación dos últimos tres anos dese primeiro ciclo, a efectos de resolución das bolsas convocadas.

Q 0709/04

Queixa presentada por unha estudante en relación coa substitución de dúas materias tras ter cursado anteriormente unha titulación de primeiro ciclo noutra universidade.

No informe do centro indícase que na información que se lles facilita aos estudantes indícase que “os alumnos procedementos doutras universidades deberán consultar coa Unidade de Xestión Académica as materias de substitución en virtude do plano de estudos cursado na universidade de orixe.”

2.2.2- CURSO 07/08

Q 0710/01

Queixa presentada por unha estudante procedente doutra universidade en relación cos requisitos académicos que lle son esixidos para obter o título de licenciada.

A Secretaría Xeral da USC informou que a alumna non ten superada a totalidade dos créditos requiridos para a obtención do título oficial de licenciada e non procede a expedición de documento acreditativo xa que non rematou os estudos.

Q 0710/02

Queixa presentada por unha estudante na que indica que con data 12 de xullo de 2007 presentou unha solicitude de continuación de estudos na USC sen que obtivera resposta.

No informe solicitado a Unidade de Xestión Académica comunica con data 23 de outubro de 2007 que a alumna foi admitida para continuación de estudos.

Q 0710/03

Queixa referida aos trámites administrativos que un estudante tivo que realizar para efectuar a súa matrícula a través de internet. No informe recibido a Secretaría Xeral da USC indica que:

“1.- A queixa sinala que unha vez realizada a matrícula por internet o alumno/a ten que desprazarse á Unidade de Xestión Académica para entregar o resguardo e o seu horario de clases é incompatible co horario de apertura da UXA.

2.- En primeiro lugar cómpre destacar que a universidade establece dous prazos diferentes: un para formalizar a matrícula presencial e outro para entregar a documentación e entregar os agasallos que ofrece a USC (carpeta e axenda), tratando de evitar que conflúan os alumnos que realizan un trámite sinxelo cos que están a formalizar a matrícula, para así minimizar as aglomeracións e colas.

Deste xeito na pantalla da Secretaría Virtual para a formalización da matrícula por internet indícase expresamente que o alumno pode entregar a documentación de xeito presencial entre o 22 e 31 de outubro, ámbolos dous inclusive.

Na antedita pantalla tamén se sinala que esta documentación pode remitirse por correo dende o día en que efectúa a matrícula ata o 31 de outubro, polo que non é necesaria acudir á UXA para realizar este trámite.

3.- Por outra parte non é certo que a Oficina de Información (o COIE é unha dependencia actualmente inexistente con ese nome) teña horario de mañá e tarde.

4.- Por último sinalar que a USC tentará de eliminar todos os trámites que non sexan imprescindibles, polo que, de ser posible, tratará de eliminar a necesidade de achegar o resgardo de matrícula á UXA para o vindeiro curso."

Q 0710/04

Presentada por un estudante da titulación propia de Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública na que expón que aos estudantes desta titulación non teñen dereito a bolsa de estudos, a que se lles recompense polas matrículas de honra obtidas e a acceder ao programa Uniporta para a adquisición dun ordenador portátil.

O informe recibido da Vicerreitoría de Oferta Docente e Espazo Europeo de Educación Superior indica o seguinte:

"A titulación de Criminoloxía pertence ao grupo de titulacións propias non conducentes a títulos oficiais polo Ministerio de Educación e Ciencia. Ten unha regulamentación específica aprobada por acordo do Consello de Goberno da

USC. Ao non ser unha titulación oficial os custos correspondentes aos recursos humanos e materiais necesarios para impartila non ten a subvención que lle destina a Xunta de Galicia cada curso académico ás titulacións oficiais e que significa que os prezos públicos que abona o alumnado é unha porcentaxe aproximada do 15% do custo total. A USC, con ánimo de facilitar ao alumnado o acceso ás titulacións propias que imparte sexan de graduado, Máster non oficial, Especialista ou de Formación Continuada, fixa uns prezos (que despois da referenda do Consello Social da Universidade) e no caso do Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública, a USC estableceu que os prezos a pagar polo alumnado sexan os que fixa a Xunta para as titulacións oficiais, o que significa que se abona aproximadamente o 15% do total que se gasta para impartir esta titulación. Esta titulación subvenciónaa a propia Universidade.

En canto ás bolsas e outras axudas, na normativa propia da titulación establécese que: “Non caberán exencións nin bonificacións de prezos, agás en virtude de convenios que establezan, no marco do intercambio internacional, unha exención de abono de dereitos de matrícula en condicións de reciprocidade. Tamén poderán existir convenios ou acordos que establezan a subvención de prezos a todos ou a algúns dos alumnos, especificamente para esta titulación, sempre sometidos ao principio de compensación á USC dos ingresos deixados de percibir”.

Q 0710/05

Escrito asinado por 39 estudantes en relación coa non impartición da docencia nunha materia.

Informouse á Vicerreitoría de Profesorado e Organización Académica da reiteración dos feitos nesa facultade como acredita a tramitación da queixa Q 0511/04, dirixida no seu momento á vicerreitoría correspondente sen que se obtivera resposta.

Solicitouse informe sobre o seguinte:

- Se a ausencia da docencia que motiva a presente queixa foi posta en coñecemento da Vicerreitoría.

- Das actuacións que, de consideralo oportuno, se levaran a cabo para cumprir a programación docente aprobada pola Universidade de Santiago de Compostela.

En resposta á información que lle foi solicitada a Sra. vicerreitora de Profesorado e Organización Académica enviou o seguinte escrito:

- 1.- Esta Vicerreitoría non tiña coñecemento da ausencia da docencia.
- 2.- O procedemento da praza foi o seguinte:
 - aprobada en coap: 27/07/07 (polo procedemento de urxencia).
 - convocada por R.R. do 31/08/07.
 - remisión expedientes á comisión xulgadora: 22/10/07.
 - entrada no rexistro xeral das actas remitidas pola comisión xulgadora: 07/11/07.
 - proposta de contratación: 08/11/07.
 - prazo para asinar contrato: ata 14/11/07.
 - o candidato proposto asinou o día 13/11/07.

- 3.- Hai un acordo da Xunta de Goberno do 17 de novembro de 1994, cuxo artigo 1 establece como principio xeral que “A docencia ofertada pola Universidade de Santiago dentro dos seus planos de estudo debe ser impartida durante toda a duración do curso académico de tal xeito que non queden alumnos sen que se lles imparta a docencia que lles corresponde”. Tanto os departamentos como a Universidade en última instancia a través das vicerreitorías correspondentes deben velar para o cumprimento deste principio xeral, a estes efectos esta Vicerreitoría envioulles un escrito recordatorio desta obriga con data 31 de xaneiro de 2007 a todos os Centros e Departamentos.

- 4.- Con data 9 de novembro de 2007, remitiuse á Facultade e ao Sr. director do Departamento escritos dos que lle achego copia, e a data de hoxe non recibimos contestación”,

e achega copia do que lle ten enviado ao Centro e ao Departamento:

“Recibida nesta Vicerreitoría unha queixa a través do Valedor da Comunidade Universitaria en relación coa non impartición da docencia na materia, e non tendo coñecemento nesta Vicerreitoría por parte nin do Centro nin do Departamento, solicito que me informe sobre esta situación á maior brevidade posible.”

A Xunta do Goberno da USC (sesión do 17/11/94) aprobou o “*Procedemento extraordinario de cobertura da docencia en prazas paralizadas por recursos*”, e na introducción do mesmo dise que a non cobertura das prazas con anterioridade ao inicio do curso académico “.../... provoca defectos e graves prexuízos á prestación do servizo público da Educación Superior ao non poderse impartir a docencia programada”, e como consecuencia que “Perante esta situación e para os supostos de excepcional gravidade, non queda outra saída que non sexa a impartición da docencia polos profesores do mesmo Departamento e área, debendo asumir obrigas extraordinarias que excedan do número de horas de traballo que legalmente teñan asignadas ou proceder á impartición da docencia por persoal docente doutro Departamento e incluso doutras universidades cando sexa imposible a asunción polo Departamento afectado.”

Aínda que no presente caso a non impartición da docencia non sexa debido a un recurso, o feito de que a praza non se cubrira 6 semanas despois de comezado o curso debe considerarse como unha situación contemplada no parágrafo anterior, polo que debería terse aplicado o procedemento aprobado pola USC.

Por outra parte considero necesario facer as seguintes recomendacións:

1.- O mencionado acordo da Xunta de Goberno obriga a que “... non queden alumnos sen que se lles imparta a docencia que lles corresponde”, polo que no presente caso deberase recuperar a docencia non impartida no horario aprobado na programación docente, e para iso recomendo que se faga de acordo cos estudantes e tendo en conta que a recuperación da docencia lles cause a menor distorsión posible tanto na programación das restantes materias das que estean matriculados como no desenvolvemento do seu traballo persoal.

2.- Con carácter xeral e para evitar que feitos como os que motivan a presente queixa se produzan novamente suxiro que a USC elabore un procedemento no que se establezan de xeito claro as actuacións que terán que levar a cabo e os prazos que terán que cumprir cada un dos órganos ou persoas que interveñan no proceso de cobertura dunha praza de substitución. Deste xeito poderíanse detectar erros no propio procedemento que poderán ser subsanados ou ben determinar aqueles casos nos que a demora fose debido a un incumprimento por parte dalgunha das persoas ou órganos implicados, e ás que, de selo caso lles deberían de ser esixidas as oportunas responsabilidades.

Con posterioridade recibíuse o seguinte escrito da Dirección do Departamento:

“En contestación ás súas recomendacións de data 27 de novembro de 2007, e con rexistro de entrada neste Departamento do 29 do mesmo mes, en relación cunha queixa presentada por estudantes motivada pola ausencia de docencia nas materias, desexo facer as seguintes precisións:

1.- Tal e como consta no escrito da vicerreitora de Profesorado e Organización Académica que vostede resume na copia do expediente número Q 0710/05, a solicitude da praza de substitución por maternidade para impartir a materia fíxose e resolveuse en tempo e forma. Foi aprobada na COAP do 27 de xullo, convocouse por Resolución Reitoral do 31 de agosto, autorizouse a sinatura do contrato o 8 de novembro e o aspirante seleccionado asinou o contrato o 13 de novembro. Todo de acordo co disposto para o procedemento de urxencia na Circular aos departamentos da vicerreitora de Profesorado e Organización Académica de 30 de novembro de 2007 (2 meses dende a publicación da convocatoria, aos que hai que engadir o tempo que medie entre a solicitude de substitución e a primeira COAP que se celebre).

2.- Os motivos polos que non se fixo antes a solicitude da praza son os seguintes: Primeiro, e conforme ao indicado pola vicerreitoría, polo exame da posibilidade de asumir a devandita substitución de maternidade entre os membros do departamento, opción rexeitada polo profesorado a causa da súa carga docente (POD 2007/2008) e mais polo reparto de horario do curso académico 2007/2008. Segundo, pola negociación de prazas para cubrir a xubilación dun profesor ao finalizar o pasado curso académico 2006/2007, e pola liberación de carga docente dunha profesora. Tendo en conta todo isto a Comisión Permanente do departamento, na correspondente sesión convocada para revisar o POD, acordou: “tras unha breve deliberación, e posto que a profesora propón manter a docencia da materia, a Comisión acepta a súa solicitude na confianza de que o Vicerreitorado conceda unha praza para cubrir a docencia vacante. En consecuencia o POD será modificado cando haxa un profesor encargado de impartir a materia. O Director procederá de contado a facer esa xestión.”

3.- O 24 de xullo, logo de manter unha entrevista coa vicerreitora, o departamento solicitou a contratación pola vía de urxencia dun profesor interino de substitución por mor da xubilación dun profesor que foi aprobada pola COAP do 27 de xullo. O concurso convocouse por Resolución Reitoral do 31 de agosto, a sinatura do contrato foi autorizada o 12 de novembro e a aspirante seleccionada asinou o contrato o 13 de novembro. Neste caso o concurso tamén se resolveu segundo o disposto para o procedemento de urxencia na Circular aos Departamentos da vicerreitora de Profesorado e Organización Académica de 30 de novembro de 2007.

O mesmo día 24 de xullo solicitouse outro contrato de substitución, pero esta petición foi rexeitada.

4.- Debido á lentitude dos procedementos para contratar persoal docente, incluído o procedemento extraordinario de urxencia, e para evitar os posibles graves prexuízos ocasionados aos alumnos un profesor asumiu a docencia da materia entre o día 1 de outubro e 13 de novembro, cousa da que poden dar testemuño os alumnos de ambos os dous grupos.

Respecto da outra materia a este departamento resultoulle imposible cubrir a súa docencia ata a incorporación dos novos docentes o día 13 de novembro. Non había ningún profesor ou profesora o suficientemente liberado de carga docente como para asumir esta materia.

Tendo en conta todo o exposto, considero que por parte deste departamento se teñen tomadas todas as medidas posibles para evitar prexuízos ao alumnado, tal e como dispón a Circular aos departamentos da vicerreitoría de Profesorado e Organización Académica do 30 de novembro de 2007. Non obstante, e para emendar os prexuízos provocados pola lentitude burocrática, este departamento recomendará aos novos profesores das materias que traten de recuperar o tempo perdido de acordo cos intereses dos alumnos.”

Q 0710/06

Escrito presentado por un profesor contratado doutor en relación co procedemento seguido para o recoñecemento da súa antigüidade en aplicación do convenio colectivo para o PDI laboral.

Solicítase información do Sr. presidente do Comité de Empresa e se da traslado da mesma ao presentador da queixa.

Q 0710/07

Queixa relacionada coas condicións de matrícula esixidas para continuar os estudos (ten superados 31,5 créditos nun máximo de 3 cursos académicos, mais non todos en materias propias da titulación)

A Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento comunicou que mediante resolución reitoral de data 12 de novembro de 2007 e conforme á normativa vixente na USC se lle autoriza a continuar os seus estudos no curso 2007/2008.

Q 0710/08

Queixa referida á continuación de estudos.

A Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento informa que mediante resolución reitoral de data 12 de novembro de 2007 desestímase a solicitude presentada.

Q 0711/01

Queixas presentadas por estudantes que están a cursar os seus estudos ao abeiro do programa Erasmus en relación cos requisitos de matrícula recentemente aprobados pola USC.

A Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento informa que a materia figura a día de hoxe na matrícula dos estudantes como consecuencia da modificación do acordo académico do seu intercambio Erasmus, polo que se procede ao arquivo da reclamación.

Q 0711/02

Análoga á queixa Q 0710/05.

Q 0711/03

Escrito de queixa presentado por unha estudante en relación coa desestimación da solicitude de validación dunha materia cursada noutra licenciatura.

A Secretaría Xeral informa que a denegación prodúcese porque a validación da materia non figura nas táboas de validación aprobadas pola USC.

Q 0711/04

Foi presentada unha queixa por un investigador Ramón e Cajal da USC na que expón a demora por parte da USC na transformación de contratos dos investigadores do programa Ramón e Cajal e os prexuízos que se producen, indicando:

“O motivo da miña queixa é a falta de dilixencia coa que se está a efectuar a transformación de contratos dos investigadores do programa Ramón y Cajal dentro da USC, co prexuízo que se está a causar aos afectados, departamentos, alumnado e a mesma institución.

En Consello de Goberno do 11 de Outubro de 2007 foron aprobadas 3 prazas de Profesor Contratado Doutor e unha de Titular de Universidade para transformar 4 contratos de investigadores que remataban en Febreiro de 2008. Os 4 contratos van ser financiados inicialmente polo Ministerio de Educación e Ciencia ao obter os candidatos a certificación I3. Ademais, os 4 investigadores están acreditados ou habilitados convenientemente.

A Vicerreitoría de Profesorado e Organización Académica comunicou o día 9 de novembro que vai remitir a praza de Titular a BOE con fecha de 15 de Novembro

como moi cedo. As prazas de Profesor Contratado Doutor serán publicitadas na prensa a partir do día 16 de Novembro.

Con estes prazos, os 4 investigadores vanse incorporar ás súas prazas, de gañalo concurso, despois de ter rematado os seus contratos, polo que perderán a vinculación coa USC durante un tempo. No caso da praza de titular ese tempo será de case un mes.

Durante ese tempo, os 4 investigadores non poderán avaliar aos seus alumnos na convocatoria de Febreiro nin dar clase ao principio do segundo cuatrimestre, os departamentos terán que reasignala docencia e, nalgúns casos, os proxectos en curso perderán ao seu Investigador Principal.

Esta incómoda situación ven motivada polos seguintes feitos:

- Dende a Vicerreitoría se insistiu en que non había urxencia en pedilas prazas xa que o período intermedio se cubriría mediante unha interinidade. Na semana do 5 de Novembro, comunicouse de forma oficiosa aos departamentos que non era posible sacar prazas interinas. Neste momento estamos aínda á espera de que se clarexe a situación.
- Contactando co Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador, comunicouse que non houbo tempo de dar saída ás prazas no último mes.
- No mesmo servizo, propuxéronse uns prazos para as prazas de Contratado Doutor que se foron prolongando de semana en semana. Respecto á praza de Titular, falouse do 20 de Febreiro como data máis próxima. Despois do interese mostrado por un afectado, esa data trocouse pola do 30 de Xaneiro, aínda que sería legalmente posible facelo o 20 de Xaneiro.

O motivo para facelo así foi a previsión de "posibles novos retrasos". Ante as protestas, dende a Vicerreitoría pediuse de forma urxente por correo electrónico que os departamentos comunicasen as datas de celebración o antes posible.

As decisións tomadas dentro da Vicerreitoría de Profesorado e Organización Académica demostraron ser tomadas sen a previsión necesaria. Todos os afectados estaban en posesión da documentación necesaria dende Xuño de

2007, e os consellos de departamento pediron as prazas antes de Agosto de 2007, polo que non se lles pode responsabilizar do retraso.

As consecuencias inmediatas son que un número indeterminado de alumnos van ser avaliados por un profesor diferente ao que lles deu clase, os departamentos van ter que reorganizala súa docencia, cargando con horas a algúns profesores; a dirección de proxectos de investigación vaise ver afectada; e 4 traballadores van perder, de forma innecesaria, a vinculación coa USC por un período indeterminado de tempo.

Quero facer constar que os afectados xa renunciaron, nunha proba de boa fe, a transformalos seus contratos antes da data de finalización do contrato Ramón e Cajal. Deste xeito, no caso de profesores Titulares, renunciouse tamén a poder pedir sexenios de investigación no ano 2008.”

A Vicerreitoría de Profesorado e Organización Académica informou o seguinte:

“O compromiso da Universidade consistía en crear unhas prazas de profesorado para determinados membros de persoal docente e investigador antes do remate dos seus contratos, non en calquera momento.

No escrito expónse que as prazas foron aprobadas no Consello de Goberno do 11 de outubro, obviando, que teñen que ser aprobadas posteriormente polo Consello Social para poder sacalas a concurso. Este órgano aprobounas o 24 de outubro de 2007.

A partir desa data e por sobrecarga do Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador decidiuse unir o proceso selectivo para cubrir estas prazas co seguinte. A debilidade da estrutura dos servizos que dan soporte a esta vicerreitoría xa foron postos de manifesto aínda que ata a data non se deron solucións.

Finalmente recóllese no escrito un xuízo erróneo: "ante as protestas desde a vicerreitoría pediuse de forma urxente por correo electrónico que os departamentos comunicasen as datas de celebración o antes posible". A dita petición obedece á planificación normal das convocatorias de selección de

profesorado funcionario. Na mesma convocatoria inclúense 15 prazas das que só 1 é pola "posible transformación" dun investigador do programa Ramón e Cajal.

A pesar de todo isto, segundo a previsión desta Vicerreitoría non debería darse o suposto de desvinculación no caso de que os candidatos acaden as prazas a concurso.”

Q 0711/05

Escrito de queixa asinado por estudantes en relación coa non impartición da docencia dunha materia.

O día 8 de xaneiro celebrouse unha reunión convocada polo Sr. reitor para analizar a situación que motivou a presentación da queixa, á que asistiron a Sra. vicerreitora de Profesorado e Organización Académica, o Sr. valedor da Comunidade Universitaria, a Sra. decana da Facultade, o Sr. director do Departamento e a Sra. vicexerenta da Área de Recursos Humanos, quedando a vicexerenta encargada de estudar as actuacións que se poidan levar a cabo e permitan resolver o problema para os vindeiros cursos académicos.

Q 0711/06

Escrito de queixa asinado polo presidente dunha asociación de estudantes no que manifesta o malestar do estudantado dunha facultade pola escaseza da oferta de materias optativas. O escrito ven acompañado dunha relación de 238 sinaturas de estudantes que o apoian.

Dáse traslado do escrito á Vicerreitoría de Profesorado e Organización Académica, que envía un informe aos presentadores da queixa.

Q 0711/07

Queixa presentada por estudantes en relación ao procedemento que se está a seguir na elaboración do novo plano de estudos.

A Vicerreitoría de Oferta Docente e EEES comunicou o seguinte:

“O día 29 de novembro recibín na Reitoría a un grupo de representantes de alumnos da mencionada facultade e quedei en reunirme coa decana para falar sobre a necesidade de incluír a algún alumno na Comisión de Redacción do novo título de grao. Os alumnos quedaron en que volverían a solicitarme outra reunión se non se solucionaba o problema.

Nos primeiros días de decembro tiveron unha reunión coa decana da facultade para comentarlle as reivindicacións dos estudantes e quedou en ter en conta as queixas dos alumnos.”

Q 0711/08

Foi presentado un escrito de queixa por un estudante do IV Ciclo Universitario en relación coa *Convocatoria de axudas para adquisición de ordenadores portátiles para alumnos da USC (Programa UNI-PORTA)* no que manifesta que os estudantes da USC que están a cursar o IV Ciclo non poden solicitar ditas axudas, o que considera discriminatorio, e indica que o ordenador é unha ferramenta de gran utilidade no desenvolvemento das súas actividades discentes.

Dáse traslado do escrito á Vicerreitoría de Comunidade Universitaria e Compromiso Social, e suxíreselle a conveniencia de dar resposta á situación exposta na queixa.

Q 0711/09

Presentada por unha estudante en relación coa desestimación da solicitude de validación dos estudos que tiña cursados nun Ciclo Formativo de Grao Superior.

Dende o Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica comunican que informan á presentadora da queixa que segundo o Coordinador do Convenio entre a Xunta Galicia e as tres universidades respecto dos ciclos formativos vaise proceder á modificación do Convenio para materias como

recoñecemento dos créditos de libre elección das solicitudes que presenten os alumnos procedentes dos ciclos formativos. No seu caso recoñeceránlle os créditos de libre elección. Con respecto á materia optativa, logo de consultada a dirección da escola, indican que non se valida en Santiago por non contar coa aprobación dos profesores desa materia.

Q 0711/10

Presentada por un estudante en relación co estado de conservación e deficiencias no Campus Sur, en concreto na parte posterior das Facultades de Bioloxía e Matemáticas.

O Sr. vicerreitor de Infraestruturas informou o seguinte.

“Efectivamente a zona indicada na queixa está mal iluminada, se ben existe un proxecto para solucionar este problema que será executado nos primeiros meses do ano 2008.

Polo que respecta ao coidado dos exteriores, efectivamente, están próximas a comezar as obras de remodelación da Facultade de Bioloxía, que xa foron licitadas e serán adxudicadas en breve. Isto vai crear molestias e deterioracións transitorias en todos os arredores do edificio, polo que parece oportuno agardar para mellorar as condicións de acceso a que rematen as devanditas obras.”

Q 0712/01

Escrito presentado por un participante e seleccionado nas probas selectivas de auxiliares técnicos de informática. No mesmo expón o dilatado que foi o proceso, dende a convocatoria o 19 de maio de 2005 ata a publicación definitiva de aspirantes que superaron as probas o 8 de novembro de 2007 e manifesta a súa preocupación pola suposta demora na formalización do correspondente contrato como persoal laboral fixo e adxudicación de posto de traballo.

En relación cos feitos que motivan a queixa mantivéronse reunións co Sr. reitor e o Sr. xerente da Universidade de Santiago de Compostela, aos que se lles prantexou a necesidade de dar urxente solución aos mesmos.

Q 0712/02

Queixa presentada por dous estudantes dun programa de doutoramento que a USC imparte en convenio con outra universidade en relación coas dificultades xurdidas para a presentación do Traballo de Investigación Tutelado (TIT).

Dáse traslado do escrito ao Sr. director do Centro de Posgrao, 3º Ciclo e Formación Continua suxeríndolle a necesidade de dar unha solución urxente ao problema.

Q 0712/03

Queixa relacionada cos criterios para a asignación de prazas na Escola Infantil Breogán.

Na mesma indícase o seguinte:

“1- Que prantexo queixa diante de vostede en relación ca aprobación da Convocatoria para a asignación de prazas na Escola Infantil Breogán para o curso 2007-2008. Criterios aprobados en Consello de Goberno do día 20 de Xuño do 2007, e aprobados en reunión do Consello Social do día 22 de Xuño do 2007.

1.1 - A ilegalidade de dita convocatoria no que respecta o punto 2 da mesma onde sinala o porcentaxe asignado a cada sector basease nos seguintes razoamentos:

A Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación, en adiante LOE, reconece a Escola Infantil Breogán coma un centro público porque no artigo 108 punto 2 di: *"Son centros públicos aqueles cuyo titular sea una administración pública "*. Chámase Escola Infantil porque no artigo 111 punto 1 da citada lei di *"Los centros públicos que ofrecen educación infantil se denominarán escuelas infantiles..."*

A citada LOE xa no seu Preámbulo indica coma un obxectivo *"lograr que todos los ciudadanos puedan recibir una educación y una formación de calidad, sin que ese bien quede limitado solamente a algunas personas o sectores sociales, resulta acuciante en el momento actual"*. Mais adiante di que:

"El servicio público de la educación considera a ésta como un servicio esencial de la comunidad, que debe hacer que la educación escolar sea asequible a todos, sin distinción de ninguna clase en condiciones de igualdad de oportunidades, con garantía de regularidad y continuidad y adaptada progresivamente a los cambios sociales".

Asemade a LOE no Título Preliminar "Principios e fins da educación "di no seu punto b *"La equidad, que garantice la igualdad de oportunidades, la inclusión educativa y la no discriminación y actúe como elemento compensador de las desigualdades personales, culturales, económicas, sociales, con especial atención a las que deriven de discapacidad"*.

No artigo 84 no que respecta a Admisión de alumnos, "1. *Las Administraciones educativas regularán la admisión de alumnos en centros públicos y privados concertados de tal forma que garantice el derecho a la educación, el acceso en condiciones de igualdad...*" "2. *Cuando no existan plazas suficientes, el proceso de admisión se regirá por los criterios prioritarios de existencia de hermanos matriculados en el centro o padres o tutores legales que trabajen en el mismo, rentas anuales de la unidad familiar, atendiendo a las especificidades que para su cálculo se aplican a las familias numerosas, y concurrencia de discapacidad en el alumno o en alguno de sus padres o hermanos sin que ninguno de ellos tenga carácter excluyente...*" "3. *En ningún caso habrá discriminación Por razón de nacimiento, raza, sexo, religión, opinión o cualquier otra condición o circunstancia personal o social*".

No Convenio Colectivo para o PAS laboral da USC actualmente en vigor, no artigo 74: Medidas da asistencia social no apartado 2º Escola Infantil di: " *Os traballadores da Universidade de Santiago terán os mesmos dereitos de admisión e réxime económico có resto do persoal da Universidade no uso da Escola Infantil para os seus fillos* ".

A reserva de porcentaxes de prazas a sectores, colectivos, etc., que non se faga atendendo a criterios de discriminacións positivos dirixidos a colectivos desfavorecidos, debe considerarse en contra dos mínimos criterios de equidade e xustiza recoñecidos tanto social coma legalmente. Considero que se está discriminando por razón de nacemento (segundo sexa nunha familia de PDI, PAS ou Alumno.). A Escola Infantil Breogán está publicitada na páxina web da USC coma un Servizo á Comunidade Universitaria que debería ser utilizado con sistemas de acceso en igualdade de condicións coma outros.

1.2- Ademais na Convocatoria para a asignación de prazas na Escola Infantil Breogán para o curso 2007-2008 no punto 6 referido a Exclusionés, no seu punto 4 "O estudantado, os investigadores en formación e o PDI e PAS perderán o dereito á praza obtida, no momento en que perdan a vinculación coa USC." Considero non conforme a LOE polos seguintes razoamentos:

No artigo 87 da LOE no seu punto 4º di que "*Los centros públicos y privados concertados están obligados a mantener escolarizados a todos sus alumnos, hasta el final de la enseñanza obligatoria, salvo cambio de centro producido por voluntad familiar o por aplicación de alguno de los supuestos previstos en la normativa sobre derechos y deberes de los alumnos*". Neste caso, non podería ser expulsado ningún rapaz da Escola Infantil, só polo mero feito de que seu pai, nai, perda a vinculación coa USC.

1.3- Na citada Convocatoria de asignación de prazas da Escola Infantil, no apartado 5.1.2.2 Situación laboral familiar, puntúan que os dous membros parentais teñan ocupación laboral (8 pto.), puntúan menos a situación de desemprego dalgún deles sen prestación económica (4 pto./cada un). A situación de desemprego con prestación económica ten aínda unha puntuación inferior (3 pto./cada un) Os traballos sen cualificar fóra do fogar sen percepción económica fixa (3 pto./cada un).

Considero que a puntuación outorgada no citado apartado discrimina as familias co pai e nai en desemprego con prestación económica, as que teñen traballos sen cualificar fóra do fogar sen percepción económica fixa e ademais non se ten en conta que un deles sexa amo/ama de casa. Neste último caso, a libre elección de ser amo/ama de casa se penaliza porque xa non se consideran que sexan traballadores senón que

ademais non se considera un traballo. E perigoso a interpretación a que pode dar lugar, se xa está na casa un dos proxenitores, ¿para qué quere o servizo da Escola Infantil se ten todo o tempo libre para coidar do seu fillo?”

O Sr. vicerreitor de Comunidade Universitaria e Compromiso Social enviou o seguinte escrito:

1.- Na convocatoria do día 20 de xuño de 2007 di: “que os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Pol tanto de non estar conforme coa convocatoria debería impugnalas en tempo e forma.

1.2.- A Escola Infantil Breogán é unha Escola Privada (Pode consultar web centros xunta de Galicia/CPR) financiada integramente con fondos públicos da USC, non é un centro público nin un centro privado concertado.

1.3.- Atende a nenos e nenas do primeiro ciclo de educación infantil (0 a 3 anos). A normativa é de aplicación en todos os centros docentes públicos e privados concertados que impartan algunha das seguintes ensinanzas: segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

Non é o noso caso.

3.- A LOE di, en relación aos centros como o noso:

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

6. O artigo 25 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, terá as seguinte redacción:

“Dentro das disposicións desta lei e normas que a desenvolvan, os centros privados non concertados gozarán de autonomía para establecer o seu réxime interno, seleccionar o seu profesorado de acordo coa titulación esixida pola lexislación vixente, elaborar o proxecto educativo, organizar a xornada en función das necesidades sociais e educativas dos seus alumnos, ampliar o horario lectivo de áreas ou materias, determinar o procedemento de admisión de alumnos, establecer as normas de convivencia e definir o seu réxime económico.”

4.- O servizo ofrecido pola E.I., debe potencialmente poder beneficiar de modo equitativo a todos os sectores da comunidade universitaria, e para garantir que isto sexa real e que estas medidas activas de conciliación da vida laboral coa persoal e familiar de todas/os as/os membros da comunidade universitaria poidan chegar a todos, supón a sectorización da oferta, en caso contrario, estaríase

mermando as posibilidades de acceso a algúns deles en favor de outros. Analizados os % de potenciais usuarios, establécese porcentualmente a asignación segundo a RPT, sempre tendo en conta que ditas asignacións serán axustadas á demanda, isto é, as prazas poderán ser trasladadas en caso de non ser solicitadas por outro con maior demanda.

5.- O traballo é toda actividade destinada á produción e reprodución da vida humana, aínda que habitualmente, este termo sexa utilizado como sinónimo de “emprego”. Porén, emprego é aquela parte do traballo que se intercambia por salario e as actividades domésticas, cando quen as realiza é unha persoa da unidade familiar, non son asalariadas. Non temos nin facemos confusión algunha destes conceptos, pero resulta incorrecto e/ou inveraz o prantexamento ao indicar que directa ou indirectamente esteamos a invisibilizar dita condición, logo que a puntuación económica como di a convocatoria:

“virá dada pola renda persoal dispoñible (RPD), segundo Declaración da Renda (Nota: para a admisión: Renda exercicio 2005/ Para a asignación de cotas: Renda exercicio 2006/ Esta última, deberá ser entregada, no momento en que se dispoña da mesma, na Administración da Escola)

Para rendas sen declaración: ingresos brutos de todo tipo (salarios, rendementos do capital mobiliario, etc.), menos gastos deducibles e retencións. Indicándose así mesmo que “Para os efectos do cálculo da renda familiar son membros computables da unidade familiar o pai e a nai, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor, de ser o caso, os irmáns solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro de 2005 ou os de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial, así como os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores, é “en caso de empate na puntuación global de dous ou máis solicitantes, a orde de prelación virá dada polas rendas familiares dispoñibles ordenadas de menor a maior.”

Polo tanto non se está a penalizar a “libre elección de ser amo/a de casa”, xa que de ser así, non outorgaría maior puntuación (RPD, renda persoal dispoñible por unidade familiar, así que aqueles que reciben ingresos menores obteñen maior puntuación). No apartado ao que fai referencia en concreto é o de Situación laboral familiar, e dicir, referido ao empregado “traballo remunerado”, incluíndo aquí no apartado 2.4. “Traballos sen cualificar fóra do fogar, sen percepción

económica fixa: Pai: 3 puntos. Nai: 3 puntos. (Moitos casos, mulleres que traballan en labores domésticas, sen cualificar e sen percepción económica fixa).”

En relación coa presente queixa mantívose unha reunión co Sr. reitor da USC.

Q 0712/04

Escrito presentado por unha estudante no que expón que con data 11 de decembro de 2007 tivo coñecemento de que figuraba como candidata para as eleccións de representantes de estudantes á xunta de centro por unha agrupación electoral sen o seu consentimento nin sen ter presentado a solicitude de proclamación como candidata.

A Secretaría Xeral da USC envía o seguinte informe:

“1.- A presentadora da queixa figura como candidata as eleccións, tanto nas provisorias como nas definitivas.

A interesada presentou en Rexistro Xeral con data do 12 de decembro do 2007 un escrito no que expón que con data 11 de decembro de 2007 tivo coñecemento de que figuraba como candidata para as eleccións de representantes de estudantes á xunta de centro por unha agrupación electoral, sen o seu consentimento nin ter presentado á solicitude de proclamación como candidata.

Na Comisión Electoral Central na sesión do 12 de decembro de 2007 deuse conta do citado escrito de queixa. A CEC considerouno como recurso á proclamación provisional de candidatos.

Nesta reunión a Comisión Electoral decide que se faga constar na Proclamación Provisional de Candidatos o seguinte texto.

A Comisión toma nota con preocupación das protestas suscitadas por persoas que figuraban como candidatos por terse presentado candidaturas cos seus nomes pero sen os seus consentimentos e, sen prexuízo de dar traslado destes feitos ás autoridades académicas aos efectos legais e disciplinarios que

correspondan, estudará xeitos de asegurar mellor a certeza das candidaturas sen afectar aos dereitos dos candidatos.

3.- Como consecuencia destes feitos e a vista deste escrito, a Comisión decide non proclamar como electa a candidatura da presentadora da queixa na proclamación provisoria de candidatos que se aprobou o día 17 de decembro de 2007. Tampouco figurou na proclamación definitiva que aprobou a Comisión Electoral.

Por outra parte a Comisión ve a necesidade de que se tomen medidas para asegurar que as candidaturas que se presentan en rexistro sexan veraces.

Neste senso propúxose que en próximas eleccións as candidaturas que se presenten deberían amosar o DNI do solicitante ou autorización expresa para a súa presentación xunto con copia do DNI dos autorizantes e autorizados. O Rexistro debería comprobar, deste xeito, a identidade dos solicitantes como requisito para a presentación de candidaturas.”

Q 0712/05

Queixa presentada por un estudante en relación co recoñecemento dos estudos que ten cursado nun máster no curso académico 2005/2006.

A Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento informa que ten respostado á cuestión exposta mediante escrito de data 16 de xaneiro de 2008 no que di o seguinte:

“O alumno debe estar titulado ao remate dos estudos de posgrao. No presente caso, ademais tanto se se interpreta ao remate do máster como se se interpreta que é ao remate do curso académico, está fóra de prazo, xa que o curso 06/07 remata o 30 de setembro e obtivo a titulación o 16 de outubro (que xa e o curso 07/08).

Polo tanto non procede incluílo na acta complementaria que se puidera emitir para o dito curso de posgrao.

Tal e como establece o regulamento destes estudos o alumno pode solicitar un certificado de ter cursado dito curso.

Tamén hai unha resolución reitoral sobre recoñecemento de estudos de posgrao que contempla a posibilidade de solicitalo nunha edición posterior do dito curso de posgrao e xa que logo cumpre o requisito para a súa inclusión en acta, iría cos alumnos matriculados nesta nova edición, e de selo caso coa conformidade da dirección do curso.”

Q 0712/06

Escrito de queixa presentado polo coordinador dun grupo de investigación en relación coa convocatoria de axudas da Xunta de Galicia para a consolidación e estruturación de grupos de investigación.

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación enviou o seguinte escrito:

“En resposta ao seu escrito de data 21 de decembro de 2007, gustaríame en primeiro lugar expresar as miñas desculpas pola demora na resposta, así como tamén a miña total comprensión da queixa manifestada.

Esta necesidade de xustificación de gastos con cargo a proxectos e actividades de I+D convocadas no 2007 pola Xunta de Galicia causounos graves problemas internos de xestión, o que nos levou a enviar unha queixa formal ao director xeral de I+D. En data recente a Vicerreitora de Investigación e Innovación e membros do noso equipo de xestión mantiveron unha reunión co equipo responsable da Dirección Xeral de I+D na que se tratou deste tema e acordouse que ao longo do 2008 minimizaríanse este tipo de situacións anómalas como a sinalada, e que se buscarían todas as vías posibles para facilitar a execución de gastos por parte dos investigadores.

Polo tanto, esperamos que esta queixa teña sido tomada en consideración e que os nosos investigadores non se vexan afectados na súa actividade polos procedementos de xestión.”

Q 0801/01

Queixa presentada por unha estudante en relación coa programación do Apoio Titorial Extraordinario que lle foi concedido.

Fanse xestións diante do director do Departamento para que se adapte a programación do Apoio ao establecido pola normativa e na medida do posible ás necesidades da estudante.

Q 0801/02

Queixa relacionada cunha solicitude para compatibilizar os estudos do Prácticum da licenciatura cos que está a cursar no marco dun programa de intercambio SICUE.

A Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento informa que:

“1.- Mediante escrito de 27/09/2007 solicitou matrícula fóra do acordo académico do Programa Interuniversitario SICUE para render exame na USC da materia troncal 611502 Prácticum.

2.- O día 09/10/2007 díctase resolución reitoral que desestima a solicitude.

3.- Con data 08/01/2008 presenta impugnación contra a resolución reitoral de 09/10/2007 e alega que para poder alcanzar a súa licenciatura no presente curso se permita a matrícula na materia Prácticum do plano de estudos no curso 2007/2008.

4.- Considerando que o prazo establecido para a interposición do recurso de reposición é dun mes, a interesada presentou o seu escrito fóra do prazo establecido e non procede a súa tramitación.”

Q 0801/03

Queixa relacionada co procedemento seguido por unha Unidade de Xestión Académica na tramitación dunha solicitude de validación de estudos.

Á vista dos informes recibidos considérase que o procedemento seguido axustouse á normativa vixente na Universidade de Santiago de Compostela.

Q 0801/04

Queixas presentadas por dúas traballadores do Persoal de Administración e Servizos da USC en relación coa duración da súa xornada laboral. Na mesma indícase que solicitaron unha reunión coa Xerencia e que presentaron un escrito dirixido ao Comité de Empresa da USC, sen que recibiran resposta en ambos casos.

Mantívose unha entrevista co Sr. xerente da USC para solicitarlle información sobre a modificación da xornada laboral e que dera traslado da mesma ás presentadoras da queixa.

Q 0801/05

Queixa presentada por un estudante en relación coa demora na tramitación das cualificacións outorgadas nas materias que cursou ao abeiro dun programa Erasmus, o que lle impediu poder efectuar a matrícula en prazo.

Dende a Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento infórmase que o alumno comunica con posterioridade a correcta recepción da matrícula no seu domicilio.

Q 0802/01

Escrito presentado por unha Facultade en relación coa resposta enviada dende a Vicerreitoría de Profesorado e Organización Académica aos estudantes da Facultade que demandaban unha maior oferta de materias optativas. Ver queixa *Q 0711/06*.

Q 0802/02

Escrito presentado por un estudante que non puido ser admitido a trámite como unha queixa segundo o establecido no artigo 10.4 do Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria:

Artigo 10.- Procedemento:

4.- O valedor non poderá entrar no exame das queixas relativas a materias que estean sometidas a procesos xudiciais ou sobre as que penda un expediente administrativo sancionador.

Q 0803/01

Queixa presentada en relación cos criterios de cualificación do exame dunha materia na que se indica que foi modificada a primeira plantilla de corrección do test suprimíndose 6 cuestións, coa conseguinte modificación das cualificacións obtidas por algúns estudantes.

Dáse traslado da queixa ao Sr. decano do centro que remite o informe presentado polo profesor responsable da materia.

Q 0803/02

Presentada por estudantes que indican que se modificou o horario e o número de grupos de prácticas dunha materia sen que fosen avisados previamente ao inicio das mesmas.

O Decanato do centro envía o informe presentado polo Departamento responsable da docencia e fai constar que nin tivo coñecemento previo nin conseguintemente autorizou este cambio de horario.

Q 0803/03

Escrito de queixa presentado en relación coa exclusión do censo electoral para as eleccións de representantes en consellos de departamento. Na mesma indica que non foi incluído no censo inicial e que a súa reclamación á Comisión Electoral Central foi desestimada, o que considera non axustado a dereito pois indica a súa pertenza ao Departamento así como a relación contractual coa USC (contratado asociado a un proxecto de investigación).

Solicitado informe á Secretaría Xeral, enviou o seguinte escrito:

Con data do 28 de febreiro de 2008 convocáronse eleccións para a renovación dos representantes no Claustro Universitario dos seguintes sectores e subsectores:

- Estudantes de terceiro ciclo e posgrao (propio)
- Estudantes de primeiro e segundo ciclo,

O presentador da queixa non é membro de ningún destes sectores ao non estar na actualidade matriculado en primeiro e segundo ciclo, nin na etapa de formación de terceiro ciclo nin na etapa de tese de doutoramento con dedicación inferior a media xornada.

Na mesma data convócanse eleccións de representantes no consello de departamento dos seguintes sectores e subsectores:

- Persoal docente e investigador a tempo parcial e investigadores en formación
- Estudantes de terceiro ciclo
- Estudantes de primeiro e segundo ciclo
- Persoal administración e servizos.

Para as eleccións dos membros dos consellos de departamento: a circunscrición é o departamento (art. 6.1.c REX), e as regras de adscrición varían segundo o sector:

o Doutores e PDI a tempo completo non doutor membros do departamento:

- Elabórase unha relación de membros deste sector pero non hai "censo electoral" pois todos os membros pertencen ao consello de departamento sen necesidade de elección. O número de membros deste sector é importante para o cálculo do número de membros electos do consello.

- Regras de adscrición:

a) Inclúe todos os doutores membros do departamento.

o Non se esixe o tempo de permanencia do PDI e PAS contratado do art. 3.1 REX (CEC 26/04/04).

b) O PDI só pode estar censado nun departamento (art. 13.2 REX).

c) O PDI e PAS só estará censado no departamento do que sexa membro en función da súa situación laboral (RPT, contrato, adscrición da área...).

o Exclúe a vinculación circunstancial a un departamento, como ser membro de equipos ou proxectos de investigación dirixidos por un membro do departamento ou relacionados co departamento (CEC). "O persoal contratado ao abeiro de proxectos de investigación tense por membro dun departamento no caso de que o seu contrato estea expresamente adscrito ao departamento." (CEC 21/03/06)

o A inclusión no POD do departamento é indicativo de pertenza ao mesmo (CEC).

d) Non inclúe aos prof. asociados de ciencias da saúde (DA 3ª Estatutos), que forman parte do censo de PDI a tempo parcial (art. 56.2 REX).

e) Inclúe aos IF doutores (CEC 01/03/06)

o PDI a tempo parcial non doutor e investigadores en formación

- Regras de adscrición ao censo electoral:

a) Cada elector estará censado nun único departamento (13.4 REX).

b) Presúmese a vinculación dos investigadores en formación ao departamento no que estean rexistrados (art. 13.4.a REX). (En ausencia de rexistro haberá que atender a outros indicadores, como o departamento do director da tese).

o Estudantes de terceiro ciclo

- Non inclúe aos estudantes de posgrao

- Regras de adscrición ao censo:

- a) Cada elector estará censado nun único departamento (13.4 REX).
- b) Presúmese a vinculación dos estudantes de terceiro ciclo ao departamento ao que pertence o seu titor ou director da tese (art. 13.4.a REX).

o Estudantes de Primeiro e segundo ciclo

- Regras de adscrición ao censo electoral: cada estudante estará censado en todos os departamentos que teñan a súa docencia asignada ás materias nas que está matriculado (art. 13.5 REX).

- NOTA 1 (censo): o censo electoral de cada departamento debe poder distinguir os estudantes en función do centro no que están censados, que é onde votarán. As mesas electorais das eleccións a departamentos no sector de estudantes están nos centros nos que cada departamento imparte docencia (art. 29 REX), agás cando o número de electores sexa inferior a 10: neste caso votarán no centro sede do departamento.

o Persoal de administración e servizos

- Regras de adscrición ao censo electoral:

- a) Censo no departamento no que preste servizos, segundo RPT (art. 13,6 REX).
- b) Se presta servizos en máis dun departamento poden optar por calquera deles mediante solicitude ao secretario xeral (art. 13.6 REX). En principio adscribese a calquera deles (en función de indicadores ou aleatoriamente).

O presentador da queixa non é membro de ningún destes sectores. Non é PAS. Non é estudante ao non estar na actualidade matriculado en primeiro e segundo ciclo, nin na etapa de formación de terceiro ciclo nin na etapa de tese de doutoramento con dedicación inferior a media xornada. Non é PDI a tempo parcial dado que non ten docencia adscrita ao departamento, nin investigador en formación. Os investigadores en formación son os titulados universitarios co DEA ou equivalentes que realizan actividades de investigación e están vinculados á USC nalgunha das seguintes categorías (art. 34.1 Estatutos, DT 51 REX:

- a) Matriculados en etapa de tese que a realicen cunha dedicación maior ou igual a media xornada.
- b) Bolseiros/as de investigación no marco dunha convocatoria pública.

O presentador da queixa non pertence ao sector - Doutores e PDI a tempo completo non doutor membros do departamento que son membros natos porque aínda que inclúe todos os doutores membros do departamento exclúe como membros do departamento a vinculación circunstancial a un departamento, como ser membro de equipos ou proxectos de investigación dirixidos por un membro do departamento ou relacionados co departamento (CEC). "O persoal contratado ao abeiro de proxectos de investigación tense por membro dun departamento no caso de que o seu contrato estea expresamente adscrito ao departamento." (CEC 21/03/06).

Sen prexuízo das discrepancias que poida suscitar a decisión da CEC debeuse a aplicación dos regulamentos e acordos previos da CEC antes citados, o que lle comunico para o seu coñecemento e demais efectos.

Á vista do informe anterior e para completar a investigación solicitouse a seguinte documentación complementaria:

- 1.- O tipo de relación contractual que ten o presentador da queixa coa USC, e o centro ou servizo ao que está adscrito.
- 2.- En que sector de membros da comunidade universitaria está incluído o presentador da queixa.

A Secretaria Xeral enviou o seguinte escrito:

O traballador na actualidade, ten asinado un contrato coa USC, para a realización da obra ou servizo, con cargo ao proxecto de investigación.

En canto á segunda cuestión que nos formula sobre en que sector de membros da comunidade universitaria está incluído o presentador da queixa indicarlle que:

Nos Estatutos no artigo 13 de persoal docente e investigador funcionario e contratado, no punto 3 indícase que ademais do previsto no apartado dous, a Universidade de Santiago de Compostela poderá contratar:

- a) *Profesorado emérito.*
- b) *Persoal para lectorados de linguas modernas ou estranxeiras.*
- c) *Persoal docente ou persoal investigador por obra ou servizo determinado, para o desenvolvemento de proxectos concretos de investigación científico-técnica.*
- d) *Profesorado interino de substitución.*

No apartado catro do mesmo artigo indícase que ademais do previsto nos apartados anteriores, a universidade poderá contratar investigadores ou outro persoal, consonte as disposicións legais.

No Regulamento Electoral Xeral no artigo 3 indícase que serán electores, sempre que reúnan os requisitos legalmente establecidos para cada elección e figuren inscritos no correspondente censo electoral ou formen parte do órgano elector:

- a) *O persoal docente e investigador en situación de servizo activo, ou equivalente no persoal laboral, e con destino na USC. Non será elector quen desempeñe praza ou posto fóra da Universidade en comisión de servizos ou situación equivalente. No caso do persoal docente e investigador contratado por obra ou servizo, interino de substitución ou visitante, será requisito para ser elector acreditar unha vinculación coa USC superior a un ano dentro dos últimos dezaioito meses, e con dedicación polo menos a media xornada.*

As categorías do persoal docente e investigador serán: profesorado funcionario doutor, profesorado funcionario non doutor, profesorado emérito, profesorado contratado doutor, profesorado asociado, profesorado colaborador, axudantes doutores, axudantes, profesorado visitante, lectores e aquelas outras persoas contratadas pola USC mediante concurso público que realicen labores docentes ou

investigadores e cumpran os requisitos de permanencia sinalados no inciso anterior. Para os efectos do presente regulamento entenderase como profesorado funcionario o pertencente aos corpos docentes universitarios. Os profesores asociados de Ciencias da Saúde terán a consideración de profesores asociados a tempo parcial.

En relación ao estatuto electoral do persoal contratado con cargo a proxectos, e sen prexuízo do que poida decidir a Comisión Electoral Central (CEC) no caso de recursos, infórmolle que a Secretaría Xeral elabora os censos electorais segundo estes criterios:

-Para as eleccións a reitor/a e para as eleccións ao Claustro ese persoal estará no sector II.c) (Outro PDI), sempre e cando estea contratado mediante concurso público e acredite unha vinculación superior a un ano dentro dos últimos dezoito meses, e con dedicación polo menos a media xornada.

-Para ser elector dunha Xunta de Facultade ou Escola deberá acreditar ademais docencia no centro.

-Para ser elector dun Consello de Departamento é precisa a vinculación a dito departamento. Neste aspecto, a CEC interpretou que o persoal contratado ao abeiro de proxectos de investigación tense por membro dun departamento no caso de que o seu contrato estea expresamente adscrito ao departamento, sen que abonde cunha vinculación circunstancia: (como a vinculación do director do proxecto ou o lugar físico no que se desempeña o traballo). A inclusión no POD do departamento é indicativo de pertenza ao mesmo. Por outra parte, é tamén aplicable o requisito do concurso público; pero en cambio a CEC interpretou que os requisitos de permanencia e dedicación indicados só son esixibles aos non doutores.

En xeral, a incorporación á USC como persoal contratado con dereitos electorais esixe que o acceso se realice por concurso público (art. 23.1 dos Estatutos da USC). Polo demais, as decisións da Administración electoral sobre a condición de elector ou elixible dunha persoa con algunha relación contractual coa USC non condicionan dita relación, polo que a inclusión ou non dunha persoa no censo electoral dun centro ou departamento non afecta ao seu vínculo contractual con estes nin a outros dereitos ou deberes distintos dos propiamente electorais.

Como sabe, neste momento estamos nun proceso de adaptación dos Estatutos ás modificacións da LOU, o que levará previsiblemente a unha modificación do Regulamento Electoral Xeral.

Á vista dos informes anteriores a exclusión do presentador da queixa como membro do Consello de Departamento é consecuencia da aplicación pola Comisión Electoral Central do Regulamento Electoral Xeral da USC.

Sen embargo, tendo en conta que esta exclusión afecta a aqueles membros da comunidade universitaria que están vinculados á USC mediante contratos análogos, o elevado número de contratos con cargo a proxectos, e o dereito que teñen os membros da comunidade universitaria a participar ou estar representados

nos órganos colexiados competentes nos temas que lles afectan, recomendo que se modifique, o máis axiña posible, o Regulamento Electoral co fin de regular a participación ou representación dos membros da comunidade universitaria contratados con cargo a proxectos ou contratos de investigación nos órganos colexiados por cuxas decisións se poidan ver afectados.

Q 0803/04

Queixa presentada por un membro do PDI da USC en relación coa Convocatoria de Bolsas Predoutorais para Estudantes Iberoamericanos. Na mesma expón que:

“Tendo coñecemento dunha nova convocatoria do Programa de Bolsas Predoutorais para Estudantes Iberoamericanos da USC vexo con sorpresa e suma inquietude que persisten situacións denunciadas na miña anterior queixa (Q0612/05), como a ausencia dun baremo de avaliación das solicitudes ou que os criterios de valoración sexan novamente ambiguos e faltos de concreción.

A Vicerreitoría de Relacións Institucionais enviou o seguinte informe:

“Con respecto á queixa de referencia respecto á convocatoria de Bolsas predoutorais para Estudantes Iberoamericanos, e concretamente aos criterios de selección, cabe destacar:

Literalmente, a convocatoria di:

“A comisión procederá á avaliación e selección das solicitudes presentadas, tendo en conta, entre outros, a valoración dos seguintes apartados:
Separación por grandes áreas de coñecemento dos/as solicitantes.
Existencia ou non de bolseiros/as deste programa dentro do grupo/s de investigación ou no departamento.
Existencia de convenios de colaboración coa universidade de orixe.
Currículo do/a candidato/a.
Grupo de investigación no que se integrará o/a candidato/a.
Nacionalidade do/a candidato/a.
Prioridades de cooperación española para 2007/2009.
Prioridades de cooperación galega para 2006/2009.

Os citados apartados foron escollidos en función da especificidade da convocatoria e son plenamente obxectivos.

A comisión de selección, tal e como é a súa función, decide, antes de proceder examinar as candidaturas e a realizar a selección, que se valora e como.

O baremo elaborase ao inicio da reunión da comisión e faise público a solicitude dos interesados unha vez que finaliza o proceso de selección.”

Á vista do exposto no informe é claro que os criterios de selección poden ser cualificados como indefinidos. Algúns deles parecen requisitos previos e é dubidoso que poidan ser utilizados como criterios, coma a nacionalidade dos solicitantes ou a existencia de convenios de colaboración coa universidade de orixe, outros poden ser facilmente definidos e utilizados para unha distribución previa das bolsas, pero non resultan adecuados para a selección dos candidatos, como a separación por grandes áreas, ou a existencia de bolseiros no grupo de investigación, e os que realmente poderían ser utilizados como criterios de selección, como o curriculum do candidato e do grupo de investigación precisan dunha maior concreción tanto nos aspectos do curriculum que se van a valorar como nas puntuacións máximas que se poden obter en cada apartado, como é a práctica habitual da USC noutras convocatorias.

Por outra banda debería analizarse se a esixencia de que os solicitantes propostos para unha bolsa predoutoral teñan que estar admitidos na etapa de tese, é compatible cos prazos establecidos para as solicitudes de admisión nos estudos e na convocatoria de bolsas deste programa.

Por último indicar que a comisión ten que facer públicos os baremos antes de ter coñecemento das documentacións presentadas polos solicitantes, e non unha vez finalizado o proceso e a petición dos interesados.

Por iso recomendo que por esa Vicerreitoría se proceda a elaborar unha nova normativa para a convocatoria do programa da USC de Bolsas Predoutorais destinadas a estudantes Iberoamericanos.

Q 0803/05

Presentado por unha estudante en relación coa imposibilidade de realizar unha modificación de matrícula a través da Secretaría Virtual consistente en dar de baixa unha materia do segundo cuadrimestre de carácter troncal e 8 créditos, e de alta unha materia optativa de 6 créditos.

O Servizo de Xestión Académica informa da desestimación da solicitude baseada no seguinte:

“O punto 5.4.2.4.3 da Convocatoria de Matrícula do curso 2007/2008 establece, sobre a modificación de matrícula no segundo cuadrimestre que só poderán modificarse as materias optativas e de libre elección do segundo cuadrimestre coas limitacións que se establecen nesta convocatoria.

O punto 5.4.2.5 da Convocatoria de Matrícula do curso 2007/2008 indica que no prazo de modificación do segundo cuadrimestre (do 17 ao 28 de marzo de 2008) só se poderá realizar unha ampliación e/ou modificación de matrícula, e o número de créditos resultante non poderá ser inferior aos inicialmente matriculados. Excepcionalmente, para os efectos de facilitar o axuste dos créditos por cambio de materias optativas ou de libre elección, autorizarase que o número de créditos resultante de modificación sexa como máximo 2 créditos menos que os inicialmente matriculados. Neste caso, non procederá a devolución de prezos públicos.

A materia é troncal.

A información facilitada na Guía de Matrícula do curso 2007/2008 é un resumo da Convocatoria de Matrícula do curso 2007/2008. Na Guía de Matrícula especificase, para o segundo cuadrimestre, que se poderá ampliar a matrícula en materias anuais e do segundo cuadrimestre de calquera tipo, facendo referencia, unicamente, ao cambio de materias optativas e de libre elección.”

Q 0804/01

Queixa relacionada cunha solicitude de reingreso no servizo activo dun membro do P.A.S. da USC.

Q 0804/02

Escrito de queixa asinado por estudantes no que expoñen:

“Acudimos a prácticas e invitóusenos a abandonar a aula de prácticas ante a imposibilidade de atendernos alegando escaseza de persoal docente.

Tamén queremos facer constar que esto non se trata dun feito puntual posto que o profesor encargado comunicounos que xa tiña cursado un escrito meses antes informando de dita situación aos órganos competentes.”

O Sr. decano da facultade enviou o seguinte informe:

“O día 2 de abril recibíuse no Decanato e no meu correo electrónico particular un escrito asinado por oito alumnos. Púxenme en contacto cos alumnos e indíqueilles que era a primeira noticia e que intentaría averiguar o que pasara.

O vicedecano púxose en contacto co profesor para coñecer a problemática dos feitos.

Este indicoulle que era un feito puntual debido á baixa médica dun profesor por unha lesión traumatolóxica e que os colaboradores deixaran de participar no apoio á docencia (ambos aspectos eran descoñecidos por este Decanato) e que chegara a un acordo cos alumnos para o desenrolo das prácticas.

A docencia tíñase normalizado coas dificultades inherentes ao elevado número de alumnos, á planificación académica e á distribución do profesorado por parte do Departamento correspondente.

A planificación das prácticas aprobouse no seu día pola Comisión de docencia do curso correspondente e foi enviada a principio de curso.”

Q 0804/03

Escrito asinado por un estudante en relación coa validación dos estudos cursados nun ciclo formativo de grao superior.

Ver queixa Q 0711/09

Q 0804/04

Queixa presentada por estudantes en relación co incumprimento da programación docente dunha materia de libre configuración curricular.

No informe enviado polos profesores responsables da materia indícase que:

“Os alumnos matriculados nesta materia pertencían a diversos centros universitarios. O sistema de comunicación seguido con eles foi o de convocatorias nos taboleiros de anuncios da facultade, así como o coreo electrónico, utilizando a lista de distribución facilitada polos servizos informáticos da universidade, que incluía as direccións de correos electrónicos que cada un destes alumnos lle facilita á universidade no momento de matrícula.

A comunicación coa maioría dos alumnos funcionou perfectamente. Sen embargo, houbo un certo número de alumnos dos que non se dispuxo de ningunha dirección de correo electrónico, por non térenlla facilitado á universidade. Outro certo número de alumnos facilitoulle á universidade unha dirección de correo electrónico que contiña erros tipográficos. Obviamente, a comunicación por vía telemática con estes tres colectivos foi imposible, polo que os que somos responsables da materia asumimos que deberían coñecer as novas sobre esta materia a través dos taboleiros de anuncios anteditos.”

Q 0805/01

Queixa asinada por 6 estudantes en relación coas actividades do IV Ciclo Universitario.

A Vicerreitoría da Comunidade Universitaria e Compromiso Social no informe que lle foi solicitado indicou o seguinte:

“Infórmolle que, a solicitude de financiamento para a realización dunha práctica de campo na materia non puido ser atendida pola falta de liquidez na aplicación presupostaria do IV Ciclo, que prima o pago da docencia dos profesores que participan neste Programa de Formación a calquera outro tipo de actividade. En cursos anteriores si foi posible o financiamento destas prácticas, porque o número de materias que se impartían, así coma o número de alumnos matriculados e profesores encargados da docencia era inferior ao existente neste momento; e se ben este programa se veu incrementando en número de alumnos matriculados e en materias impartidas, non foi así o seu presuposto, que segue sendo o mesmo dende hai xa varios anos.

Nestes orzamentos pretendemos realizar un esforzo económico na partida do IV Ciclo para poder atender necesidades perentorias.”

Q 0805/02

Escrito de queixa asinado por 31 estudantes en relación co desenvolvemento da docencia nun Programa Oficial de Posgrao.

Dase traslado do escrito ao Sr. vicerreitor de Oferta Docente e EEES quen achega o informe presentado polo coordinador do P.O.P.

Q 0805/03

Queixa presentada en relación cunha reclamación por impago dos prezos públicos de matrícula.

No informe que foi solicitado a Secretaría Xeral da Universidade de Santiago de Compostela indica o seguinte:

“En relación coa queixa presentada, que se segue co nº Q 0805/03 e na que solicita información sobre o procedemento que se segue para a formalización da matrícula, cómpre indicar:

1.- A convocatoria de matrícula establece os sistemas para formalizar a matrícula no seu apartado 6.2, e dicir, pode ser presencial, por correo, caixa de matrícula ou internet.

2.- A formalización da matrícula determina os dereitos e obrigas das partes. Por parte dos alumnos a obriga do pagamento dos prezos públicos establecidos pola Comunidade Autónoma e por parte do alumno a de asistencia a clase, a ser avaliado, o dereito a concorrer as convocatorias fixadas, a obtención da TUI e a participar na vida académica conforme o establecido nos Estatutos.

3.- O acto de formalización de matrícula é definitivo, que só queda condicionado ao cumprimento das normas legais de acceso a universidade.

4.- Debe diferenciarse entre a preinscrición que é o acto polo que se manifesta interese en matricularse dunha titulación, e a matrícula que supón a incorporación do alumno á universidade con todos os dereitos, incluídos os de Seguridade Social.

5.- Polo que respecta ao caso da alumna concreta, cómpre indicar:

a) Presentou o mesmo escrito ao Valedor do Pobo, a ese Valedor, na USC e no Instituto galego de consumo.

b) O presentado na USC foi respondido con data do 28 de maio do 2008, do que se achega copia.

c) Polo que respecta ao fondo procede indicar que a alumna formalizou matrícula por internet como solicitante de bolsa, abonando os prezos de secretaría. A USC detectou que a citada alumna nin sequera solicitara a Bolsa, polo que lle requiriu o abono dos prezos deixados de ingresar. Nese intre solicitou a anulación de matrícula. Dado que a anulación da matrícula foi presentada fóra de prazo, foille denegada na correspondente Resolución Reitoral que non foi obxecto de recurso. En consecuencia, procedeuse a iniciar o procedemento de impagados cos recargos correspondentes. No caso de non proceder ao abono iniciárase o procedemento de embargo a través da recadación executiva da Xunta de Galicia.

d) A USC prestou en todo o momento o servizo público da educación superior, polo que non procede a devolución dos prezos abonados.”

Q 0805/04

Presentado por unha estudante en relación co procedemento de anulación dun curso de informática.

O Director do CeTA comunícame o seguinte:

“1.- Con data 2 de maio de 2008 enviouse a seguinte mensaxe de correo electrónico:

Estimad@s alumn@s dos cursos de informática para estudantes,

O curso “Desenvolvemento web: Adobe Dreamweaver (RAI.DRW0708.21)” queda suspendido por non acadarse un número mínimo de inscritos. Para proceder á devolución dos cartos que pagástedes é preciso que me respostedes a esta mensaxe indicándome o voso nome, NIF e número completo de conta bancaria (os 20 díxitos) á que queirades que vos transfiramos os cartos.

2.- As direccións de correo electrónico ás que se manda a mensaxe son aquelas que os estudantes teñen configurada na sección “Datos” da súa secretaria virtual, tal e como se indica nas normas de matrícula que aparecen na web http://www.usc.es/ceta/formacion/estudiantes/0708-01_normativa.php

3.- As persoas destinatarias da mensaxe de correo electrónico foron aquelas que estaban inscritas no curso, independentemente de se abonaran ou non o importe da matrícula.

4.- Nesa mesma data, 2 de maio de 2008 modificouse a listaxe de cursos ofertados que aparece na web indicándose aqueles que dende ese momento quedaban anulados.

5.- Algúns dominios de internet devolven periodicamente as mensaxes que se envían dende a USC alegando razóns de “spam” ou correo lixo. En todo caso nesas datas non nos figura devolución algunha por eses motivos. Nin o CeTA en particular nin a USC en xeral poden garantir a entrega dunha mensaxe de correo electrónico .“

De acordo co anterior a mensaxe foille enviada á presentadora da queixa á dirección que figuraba na súa secretaría virtual.

Q 0805/05

Escrito presentado por representantes dos Consellos de Residentes e Colexias de cinco residencias do S.U.R. no que manifestan a súa discrepancia con diferentes aspectos da convocatoria de aloxamento correspondente ao curso 2008/2009.

O Sr. vicerreitor de Comunidade Universitaria e Compromiso Social enviou o seguinte informe:

“No vindeiro curso académico modifícase a convocatoria e prazas de aloxamento: inclúese un aumento dos prezos das cotas do 4,2% de acordo co IPC do mes de abril (este tipo de aumento é o habitual dende hai algúns anos) e algunhas outras modificacións no xeito en que se distribúen as diferentes cotas a pagar.

Por outra banda propoñemos tamén algunhas modificacións na convocatoria de Bolsas de Comedor que a universidade oferta para non incorrer en incompatibilidades legais coas bolsas do MEC que financian tamén a residencia, xa que ambas son totalmente incompatibles. Aínda que de modo temporal o problema desta incompatibilidade está resolto por esta vía recoméndasenos que non deberían manterse estas bolsas de xeito indefinido. A modificación nesta convocatoria implicará o seguinte: para cuantificar as cotas que lle corresponden aos residentes/colexiais que reciban a bolsa do MEC (compoñente residencia) utilizamos un mecanismo económico-social que consiste en sumar a RPD (Renda Persoal Dispoñible) obtida de acordo cos cálculos da convocatoria de prazas de aloxamento e a asignación económica correspondente ao compoñente residencias da bolsa do MEC. Ese sumatorio danos unha contía que indica a nova cota que debe pagar o residente/colexial segundo a convocatoria de prazas de aloxamento.

ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO:

O día 30/05/08 o vicerreitor de Economía e Financiamento e máis eu, antes do Consello de Goberno programado para ese día, reunímonos de forma urxente con algúns representantes dos consellos de colexios maiores e residencias universitarias, e explicámoslle a ese grupo as modificacións que incluía a nova convocatoria de prazas de aloxamento do SUR fronte á do ano pasado. Ese día aprobouse a convocatoria de prazas de aloxamento polo Consello de Goberno.

Coa fin de explicarlles estes puntos antes mencionados reunímonos tamén coas Asociacións de Estudantes o 26 e maio para explicarlles o tema, e recibimos algunhas suxestións, aínda que tanto a convocatoria de prazas como a da bolsa de comedor foron moi ben acollidas.

Tamén nos reunimos con directores e subdirectores de Colexios Maiores e Residencias Universitarias para explicarlle o mesmo, debatemos algunhas cousas, e explicamos pormenores. Fixemos o mesmo cos gobernantes dos centros, e chegamos a conclusión de que coas novas convocatorias a convocatoria xeral do SUR mellorou dende o punto de vista da equidade xa que aqueles con rendas inferiores serán os que se beneficien das cotas máis baixas.

ACTUACIÓNS FUTURAS:

A convocatoria de Bolsas de Comedor aínda non foi presentada ao Consello de Goberno, estamos pendentes de reunirnos cons conselleiros dos Colexios Maiores e Residencias Universitarias do SUR para que poidan aportar suxestións.”

En relación coa presente queixa vaise comprobar a repercusión que ten a nova asignación da cota nos estudantes bolseiros do MEC.

Q 0806/01

Escrito de queixa asinado por nove traballadores contratados pola Universidade de Santiago de Compostela como auxiliares de arquivos, bibliotecas e

museos no que expoñen diferentes aspectos da súa relación laboral coa USC e manifestan a súa desconformidade co desenvolvemento do proceso selectivo realizado para a cobertura de prazas na escala auxiliar de arquivos bibliotecas e museos pola quenda de acceso libre.

A Xerencia da USC enviou o seguinte informe:

"En relación co seu escrito de 24/6/08 dirixido a esta Xerencia, no que solicita que se lle informe da resposta que se lle deu desde a Xerencia ó escrito presentado comunícolle o seguinte:

1º.- Con data 17/06/08 remítese escrito de resposta por parte do Xerente: "En relación aos escritos dirixidos por vostede como primeiro asinante (de 9 sinaturas e, 1 posterior), no que non se fai constar o enderezo a efecto de notificacións, desexo realizarlle as seguintes puntualizadas e aclaracións:

- A Universidade de Santiago de Compostela caracterizouse, caracterízase e se caracterizará, entre outras cousas, porque os seus procesos selectivos de persoal realízanse con estricta pulcritude e en defensa dos intereses dos/as señores/as opositores para que se cumpran os principios de igualdade, mérito e capacidade.

- As convocatorias ás que vostede fai referencia foron negociadas e acordadas cos representantes sindicais por unanimidade.

- En relación cos comentarios que realiza sobre os cursos preparatorios do concurso-oposición, pregaríalle que revisase a normativa vixente, a que impide taxativamente a súa impartición.

- A composición dos tribunais, así como o nomeamento, no seu caso, dos asesores garante o adecuado coñecemento da lexislación vixente así como as materias específicas obxecto do exame.

Por todo iso, os opositores teñen a absoluta garantía sobre a calidade nos procesos de elaboración dos exames así como na equidade e acometemento no proceso de corrección."

2º.- Que o presidente do tribunal das citadas probas selectivas presentou un informe que dirixiu ó Reitor, Xerente e Xunta de Persoal do PAS para saír ó paso das noticias que se estaban a publicar nalgúns medios de comunicación, nas que poñían en tela de xuízo, entre outras cousas, a limpeza do proceso e a competencia do tribunal cualificador.

3º.- Que por parte desta Xerencia respectáronse os correos electrónicos que se recibiron dalgunha persoa asinantes do escrito de referencia nos que se vertían graves acusacións contra o que subscribe, contra o tribunal cualificador e contra a institución universitaria.

4º.- Toda a documentación de referencia está en mans da asesoría xurídica da USC para a súa análise, para que en caso de que se cometeran faltas ou delitos se inicien as accións oportunas contra esas persoas.”

Q 0806/02

Queixa presentada por unha estudante en relación co procedemento de avaliación e revisión de cualificacións seguido nunha materia.

Enviouse o seguinte escrito ao Sr. reitor da USC:

Foi admitida a trámite unha queixa presentada por unha estudante en relación co procedemento de avaliación e revisión da cualificación seguido nunha materia.

Foi solicitada información ao Sr. decano da Facultade, o que deu traslado da Resolución Decanal da que lle envíu copia.

Considero necesario indicar que a queixa admitida a trámite refírese exclusivamente ao procedemento de revisión da cualificación, e nese sentido se desprende tanto do escrito de queixa, como da resolución decanal que á presentadora da queixa non lle foi respectado o dereito á revisión do exame que establece o Artigo 17 da Normativa Básica para a Ordenación do proceso de ensino/aprendizaxe e da avaliación do rendemento académico dos estudantes. Por iso poño os feitos no seu coñecemento en cumprimento do establecido no artigo 10.9 do Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria.

Q 0806/03

Queixa presentada por un estudante na que expón que durante o desenvolvemento do exame dunha materia foi expulsado do mesmo sen unha motivación por parte do profesor.

No informe recibido do Decanato da Facultade indícase o seguinte:

“1.- O día 19 de xuño de 2008 recibimos a queixa que formula o alumno da que achegamos copia.

2.- Na semana seguinte realizamos unha entrevista co alumno na que fixo unha explicación detallada da súa versión dos feitos.

3.- O día 30 de xuño realizamos igualmente unha entrevista co profesor na que el expuxo a súa versión dos feitos. Nesta reunión o profesor manifestou que non se

tratou propiamente dunha expulsión do exame (que xa chegara aos momentos finais), senón de que o alumno foi invitado a entregar o exame. O profesor tamén se comprometeu a seguir o proceso normal de corrección desta proba.

4.- O resultado deste encontro co profesor foille comunicado ao alumno por correo electrónico, no que tamén se lle informaba do procedemento da USC para a revisión das cualificacións. O alumno respondeu o 3 de xullo cunha mensaxe na que agradece as atencións recibidas por parte deste decanato. Enviamos copia desta mensaxe.”

Q 0806/04

Escrito de queixa presentado por un estudante do IV Ciclo Universitario no que expón que con data 9 de outubro de 2007 puxo en coñecemento da Dirección do IV Ciclo os problemas xurdidos no desenvolvemento dos seus estudos e nomeadamente nunha materia, sen que teña recibido resposta formal ata o momento.

O Sr. director do IV Ciclo Universitario da USC indica o seguinte:

“Infórmolle que, unha vez contrastada, co coordinador da materia a queixa presentada, mantívose unha reunión na que se aclararon os malos entendidos, quedando o problema zanzado. Ata o momento non houbo ningunha queixa máis ao respecto.”

Q 0807/01

Queixa referida á demora no pagamento dunha axuda para desprazamento.

No informe remitido dende a Facultade indícase que:

“No Servizo de Asuntos Económicos da Facultade figura a transferencia realizada pola Universidade de Santiago de Compostela con data 15/02/08, da que se acompaña copia.”

Q 0807/02

Queixa relacionada cos feitos ocorridos na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais o día 12/02/08.

A Asesoría Xurídica da USC enviou un informe no que se indica que o proceso penal está pendente de sinalamento de xuízo e, a día de 22 de xullo de 2008 non hai resolución xudicial firme sobre os feitos que son obxecto de axuízamento.

Q 0807/03

Queixa presentada por estudantes do 3º ciclo na que indican que o día da convocatoria, 17 de xullo de 2008, para a realización da proba avaliadora para a obtención do Diploma de Estudos Avanzados (D.E.A.) comunicáronlles que non podían obter o título acreditativo do D.E.A. ata o mes de setembro, o cal lles ocasionaba serios prexuízos.

O informe recibido do Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua indica o seguinte:

“En contestación ao seu escrito Exp. nº Q 0807/02, comunícolle que as datas previstas de acordo co calendario para a presentación de Actas de Tribunal Único para todos os alumnos que teñen matrícula de TIT para este curso académico (aínda que a defensa pública se celebre en xullo), que foron establecidas polo Consello de Goberno de 4 de xullo de 2009 son:

Peche das actas o 16 de setembro; data límite de recepción na Sección de Posgrao e Terceiro Ciclo 19 de setembro. Ditas datas foron propostas pola Secretaría Xeral da USC a instancias da Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua, sendo consultada a dirección do CPTF. A data foi fixada coa vontade de que os estudantes que así o desexen poidan optar ás convocatorias de bolsas para a etapa de tese (período de investigación) dos estudos de doutoramento.”

No informe xustifícanse as datas de peche e entrega das actas correspondentes á convocatoria de setembro, pero non as razóns polas que se eliminaron as actas correspondentes á convocatoria de xullo. Tendo en conta que se mantén a convocatoria de xullo para a defensa pública do TIT, recomendo que se estude o restablecemento da entrega das actas correspondentes a dita convocatoria, para evitar demoras na obtención do título e posibles prexuízos que se lles poida ocasionar aos estudantes como indicaron os presentadores da queixa.

Q 0807/04

Presentada por estudantes en relación cos criterios de avaliación aplicados nunha materia.

Solicitouse información ao Sr. decano da Facultade e deuse traslado da mesma aos presentadores da queixa.

Q 0807/05

Presentada por unha estudante en relación co cálculo da media do seu expediente para a solicitude dunha bolsa para a mobilidade de estudantes universitarios.

Non se recibiu o informe solicitado á Oficina de Relacións Exteriores.

Q 0807/06

Presentada por un grupo de Investigadores Isidro Parga Pondal en relación coa actualización do seu salario. Na mesma expoñen o seguinte:

“1- Os Investigadores Parga Pondal das convocatorias dos anos 2003, 2005 e 2007 están percibindo un salario superior aos das convocatorias dos anos 2004 e 2006. Isto é así pola actualización do salario a partir do ano 2007. Nese ano, incrementouse a partida presupostaría, co cal os Investigadores Parga Pondal do ano 2007 xa empezaron a percibir o salario actualizado. Os dos anos 2003 e 2005 tamén, posto que coincidiu coa renovación dos seus contratos, feito que todavía non aconteceu cós Parga Pondal das convocatorias dos anos 2004 e 2006.

No entanto, no noso contrato especificase (cláusula cuarta):

“ A persoa contratada percibirá unha retribución total de 1.634,00 € brutos(7) mensuais ...”

“(7)Non poderá ser inferior ó que corresponda ó persoal investigador que realice idénticas ou análogas actividades. ”

O salario que están a percibir os nosos compañeiros das convocatorias 2003,2005 e 2007 é de 1.919 € brutos mensuais, polo que a diferenza salarial é considerable.

Ao noso entender, a propia Universidade de Santiago se está contradicindo ao permitir que a mesma figura perciba salarios diferentes.

2- Desde o mes de xaneiro puxémonos varias veces en contacto coa Dirección Xeral de I+D+I e có CACTUS da USC e dixéronnos, de cada vez, que estaban pendentes de que de forma inmediata se asinara o Convenio de suba salarial entre a Xunta e a USC. Pasados xa sete meses seguimos á espera de que isto se produza, situación que está a causarnos unha grande insatisfacción ante a nosa impotencia para dar axilidade á súa resolución.”

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación informou o seguinte:

1.- Que a Comuidade Autónoma de Galicia, Consellería de Innovación e Industria, Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, dentro do programa de Recursos Humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (PGIDIT-INCITE) convoca, entre outros, o programa Isidro Parga Pondal.

2.- Concretamente, para o ano 2008, convocouse dito programa por orde da Consellería de Innovación e Industria de 31 de xullo de 2008 que recolle, entre outras, as seguintes modalidades de axudas:

Programa Isidro Parga Pondal
Prórroga Programa Isidro Parga Pondal 2006
2ª prórroga Programa Isidro Parga Pondal 2004

3- Que é nas bases destas convocatorias onde se fixan as retribucións que debe percibir este persoal, así na convocatoria do ano 2008, nos anexos VI e VII, artigo 3, establécese:

A axuda concedida para cada contrato laboral será de 36.000 euros por ano de contrato, incluíndo neste importe a retribución bruta anual do contrato e o pagamento de custos sociais.

4.- Esta nova retribución aplicarase cando a convocatoria sexa resolta e cos efectos que na resolución de concesión se estableza.

Por todo elo cabe concluír:

Que as retribucións que perciben os beneficiarios do Programa Isidro Parga Pondal establécenas a Comunidade Autónoma de Galicia, que é quen financia o devandito programa.

Que a diferenza de retribucións entre os beneficiarios do programa está determinado polo ano da convocatoria á que pertencen así como pola data de renovación do seu contrato.”

Con posterioridade á recepción do informe mantívose unha entrevista coa Sra. presidenta da Asociación de Investigadores Parga Pondal quen informou da inmediata resolución da cuestión que motiva a queixa.

Q 0807/07

Foi admitida a trámite unha queixa presentada por unha titulada da Universidade de Santiago de Compostela en relación coa convocatoria de acceso a titulacións con límite de prazas. Na mesma indica:

1.- Que rematou os estudos da Diplomatura en Enfermería na USC na convocatoria de xuño do ano 2008.

2.- Que solicitou acceso aos estudos da Licenciatura en Medicina na USC dentro do prazo establecido na convocatoria (10 de xullo).

3.- Que non puido entregar a documentación requirida na convocatoria para acreditar que tiña rematados os estudos da Diplomatura en Enfermería xa que a Universidade de Santiago de Compostela non lle fixo entrega da mesma ata o 23 de xullo.

4.- Que a CIUG non lle admitiu a trámite a solicitude de acceso aos estudos da Licenciatura en Medicina.

O exposto anteriormente pon de manifesto que a falla de coordinación entre os prazos que establece a CIUG para que os titulados universitarios soliciten acceso a estudos con límite de prazos e os prazos que establece a USC para a entrega das actas prexudica aos estudantes da USC xa que lles impide presentar a solicitude dentro do prazo establecido, e por iso vense obrigados a agardar un ano para que lles sexa admitida a solicitude a trámite.

Por iso recomendo que se estude a modificación e coordinación dos prazos mencionados de xeito que os titulados da USC poidan continuar estudando na USC o curso académico seguinte ao que rematen os estudos que lles permiten acceder aos mesmos.

Con data 15 de setembro de 2008 envieille un escrito relacionado coa queixa Q 0807/07 no que facía unha recomendación sobre a conveniencia de coordinar os prazos de preinscrición en titulacións con límite de prazos e as datas nas que os estudantes da USC poidan certificar o remate dos seus estudos de diplomatura ou licenciatura.

Como ampliación do mencionado escrito infórmolle doutras convocatorias cuxos prazos de solicitude non permiten aos estudantes da USC certificar o cumprimento do requisito de ter rematados os estudos, e ás que, en consecuencia debería ser estendida a recomendación recollida anteriormente.

As convocatorias nas que se ten observado esta falla de coordinación, e que son motivo de queixa todos os cursos académicos son as seguintes:

- Programa María Barbeito de axudas a contratos predoutorais de formación de doutores, para o que os estudantes teñen que acreditar estar en posesión do DEA.

- Solicitud de admisión nos cursos de Posgrao da Universidade de Santiago de Compostela, prazo que se pecha antes de que rematen os exames da convocatoria de setembro da USC.

Q 0807/08

Queixa presentada por unha estudante en relación co trato recibido dun funcionario.

Os feitos póñense en coñecemento do responsable do servizo.

Q 0809/01

Escrito presentado por un profesor da USC en relación co funcionamento dun servizo pertencente á RIAIDT da USC.

Non se ten recibido resposta ao informe solicitado.

Q 0809/02

Foi admitida a trámite unha queixa presentada por unha estudante da USC en relación coa realización de Prácticas en Empresas e Institucións. Na mesma indica o seguinte:

“Como alumna de educación social da universidade, decidín facer prácticas durante o verán para validar por créditos de libre elección. Recorrín ao Centro e Inserción Social Carmen Avendaño para realizar as prácticas, a subdirectora do centro aceptou que realizase alí as prácticas e cubriume e selou todo o papelame. Entreguei a documentación no Consello Social, e despois duns días contactan comigo para dicirme que non podo realizar as prácticas nese centro por motivos de “seguridade” (xa que é un centro de reinserción con presos de terceiro grao).”

No informe enviado polo Consello Social da USC indícase que:

1.- A alumna presentou no Departamento de Prácticas Nacionais en Empresas e Institucións do Consello Social o día 7 de agosto e por correo certificado, a solicitude do alumno e a oferta na empresa Centro Inserción Social de Vigo pola

modalidade de adxudicación directa e con data de inicio o día 28 de agosto e finalización o 26 de setembro, e cunha descrición da práctica que indica: “Programa Intervención Internos CIS Vigo”.

2.- O funcionario que recolleu a documentación púxose en contacto telefónico coa alumna para pedir máis información sobre o contido das prácticas e o lugar onde se celebrarían as mesmas. Nesta conversación xurde que a práctica será para estar en contacto directo con internos penitenciarios do Centro Penitenciario A Lama. Ante este comentario indícaselle a alumna que non pode facer as prácticas neste centro xa que o seguro escolar non acolle posibles riscos que se poidan ocasionar. Este protocolo ven sendo habitual no Consello Social.

Admitindo como xustificada a causa exposta polo Consello Social para non autorizar a realización das prácticas, hai que ter en conta tamén que en principio teñen unha clara relación co futuro profesional da solicitante. Por iso suxiro que en casos como o que motiva a presente queixa se estude a posibilidade de dispor dun tipo de seguro que permita a realización das prácticas tendo en conta o interese que teñen para a formación da estudante.

Q 0809/03

Escrito de queixa presentado por estudantes en relación cos criterios de avaliación aplicados nunha materia no que indican:

“Que tendo pagado por segunda vez a matrícula dunha materia e asistido no ano anterior a clase ao presentarnos á convocatoria oficial de setembro a coordinadora dixo textualmente que ao ter máis de 10 faltas de asistencia durante o curso, de presentarnos ao exame teríamos un suspenso automático. Iso tamén se repetiu na convocatoria oficial de Febreiro.”

A Secretaría Xeral da USC comunicou que resolveron a solicitude do seguinte xeito:

“Tendo en conta o anterior procede a realización do exame da convocatoria ao verificarse os seguintes extremos:

- O alumno formalizou matrícula na materia e ten aboados os prezos pola prestación do servizo público establecido e correspóndenlle os dereitos e deberes como estudante da USC.

- Na programación académica aprobada polo Departamento e Centro non se sinala que a asistencia a clase sexa un requisito indispensable para superar a materia, nin o número máximo de faltas de asistencia permitidas ou a forma de controlar a asistencia.

- Non se cumpren os requisitos establecidos na normativa de ensino-aprendizaxe para os supostos en que a asistencia ás clases prácticas sexa obrigatoria para a concorrencia á convocatoria de setembro.

Por todo o anterior o reitorado resolveu:

Estimar a petición formulada e en consecuencia:

- Ordénase a realización do exame correspondente á convocatoria de setembro do curso 2007/2008 da materia.

- O Departamento de acordo co Decanato da Facultade fixarán data e o lugar de celebración do citado exame non antes dun mes e conforme á programación académica aprobada.”

Q 0809/04

Foi admitida a trámite unha queixa presentada por unha estudante da USC en relación co cuarto que lle foi asignado na Residencia Universitaria Monte da Condesa.

No escrito de resposta que o Vicerreitor da Comunidade Universitaria e Compromiso Social lle enviou á presentadora da queixa, do que me achega copia, indica que se vai facer unha valoración dos cuartos para comprobar se non reúnen as condicións de habitabilidade, polo que *recomendo que esta valoración se realice coa maior urxencia, dado o prexuízo que se pode ocasionar ás estudantes no caso de que se comprobe que os cuartos non reúnen condicións adecuadas para a súa actividade académica, e solicito que me informe do resultado da comprobación.*

Q 0809/05

Queixa presentada por unha estudante en relación co procedemento de avaliación seguido nunha materia.

O Sr. decano do centro informa que mediante Resolución de data 12 de novembro de 2008 acorda nomear a comisión para a revisión da cualificación outorgada.

3.- CONCLUSIONES

1.- É necesario recordar a obriga de cumprir o establecido na programación docente das materias, especialmente no que fai referencia á homoxeneidade dos grupos, a esixencia de traballos a realizar polos estudantes e os criterios de avaliación, e insistir na repercusión que este cumprimento ten na calidade da docencia. Este problema adquire unha especial relevancia nos novos estudos de Grao, xa que a Guía Docente debe explicitar a planificación da materia dende a perspectiva do estudante e recoller con detalle a organización da docencia, de xeito que o estudante poida coñecer en todo momento que competencias se pretende que aprenda, cal é o método da aprendizaxe, como pode efectuar o seu traballo e como vai ser avaliado.

O grao de cumprimento da programación docente dependerá do adecuado funcionamento dos sistemas que a Universidade estableza para asegurar a calidade da docencia, e neste sentido é conveniente que se proceda a revisar as normativas incluídas no Plan de mellora da calidade do ensino e adaptalas as esixencias dos novos estudos de Grao.

2.- O Real Decreto (1393/2007 do 29 de outubro) que ordena os estudos universitarios recolle o dereito dos estudantes que iniciaron os seus estudos por un determinado plano de estudos a rematalos polo mesmo, poñendo como data límite setembro do ano 2015. A Universidade deberá polo tanto establecer os procedementos que garantan que a calidade da docencia que reciban os estudantes sexa, alomenos, a mesma que tiña antes da implantación dos estudos de grao.

3.- A Escola Infantil Breogán foi motivo da presentación dun número significativo de queixas e solicitudes de mediación por diferentes causas, polo que considero que merece un comentario específico, tanto polo que significa este servizo por si mesmo como por que poida servir de chamada á necesidade de manter a calidade dos servizos que a USC presta aos membros da comunidade universitaria. Acudiron ao Valedor a ANPA por estar en desacordo co procedemento seguido para aprobar a convocatoria de prazas, e tamén por non estar de acordo co plan docente, traballadores da Escola por verse prexudicados na súa situación laboral, e unha sección sindical por non estar de acordo cos criterios de admisión na Escola. Como factor común en todos eles está o sentimento de que as súas opinións non foron tidas en conta, e nalgúns casos nin sequer escoitadas.

4.- A comunidade universitaria debe implicarse na mellora das condicións en que desenvolven o seu traballo os membros adicados á realización de traballos de investigación sen ter unha relación estable. Por elo considero que é procedente transcribir textualmente as reflexións aprobadas no Encontro Estatal de Valedores Universitarios (Oviedo 2008):

Os Valedores Universitarios, como garantes dos dereitos e liberdades dos universitarios e como promotores da calidade, entenden que a Universidade debe coidar con especial esmero que as condicións nas que traballa o persoal adicado a tarefas de investigación sexan acordes coa función que este persoal desenvolve. De maneira máis concreta estiman oportuno someter á consideración dos universitarios as seguintes consideracións e suxestións:

1.- As convocatorias de todas as bolsas, sexa cal sexa a modalidade, deben explicitar con claridade as obrigas e condicións de traballo dos posibles beneficiarios. Tanto os bolseiros como os investigadores que estean ao fronte dos traballos de investigación deben respectar ditas condicións así como, cando sexa o caso, a normativa estatal na materia (en especial, o Estatuto do Persoal Investigador en Formación).

2.- As Universidades promoven programas de bolsas (bolsas de colaboración, prácticas en empresas,...) destinadas, normalmente, a estudantes que estean finalizando os seus estudos de grao, diplomatura ou licenciatura. Son bolsas que procuran a formación dos seus beneficiarios. Non parece admisible que esta función de formación se converta nunha excusa para contar con man de obra barata.

3.- Avanzar na vía emprendida de considerar que os bolseiros (sexa cal sexa a modalidade de bolsa que posúan) realizan un traballo e dispor, nos inicios da súa contratación, dos mesmos dereitos e deberes que o resto dos traballadores en materia de seguridade social, prestacións sociais, percepción do desemprego e renovación do contrato. En tanto que traballadores débeseles recoñecer os mesmos dereitos que o resto dos traballadores universitarios.

4.- Os procesos de concesión ou renovación de bolsas deberían revisarse de maneira que os beneficiarios poidan percibir os seus emolumentos dende o momento mesmo en que comezan a traballar en proxectos de investigación.

5.- Cada Universidade debería dispor dun censo actualizado de bolseiros. Non parece axeitado que as diferentes instancias universitarias permitan o traballo de licenciados ou graduados universitarios sen ningún tipo de contrato ou bolsa.

6.- As teses doutorais son parte importante da actividade investigadora da Universidade. En ocasións constitúen un requisito para incorporarse a determinados postos de traballo polo que a súa realización en tempo e forma é un dereito do doutorando. En liña co establecido xa por algunhas universidades, os Valedores Universitarios apoian medidas que faciliten o compromiso de doutorando e director de teses en aspectos tales como: colaboración, obrigas e dedicación de cada un deles, confidencialidade, réxime de propiedade intelectual, resolución de conflitos, vixencia...



Pode que o centro de decisión dalgunha das cuestións expostas nos pareza que está lonxe, pero noutros casos depende directamente de nós. Por iso é necesario reclamar un maior compromiso para conseguir que a sensación dos que están realizando a súa Tese de Doutoramento non sexa que a única mellora sexa a implantación dunha nova taxa, ou que membros da comunidade universitaria non poidan exercer o seu dereito ao voto porque non sabemos en que sector temos que incluílos.

4.- REFERENCIAS ESTADÍSTICAS

4.1.- Curso 06-07

QUEIXAS POR SECTORES:



Nº. de queixas	72
Estudantes:	59
P.D.I.:	7
P.A.S:	6



ENTRADA MENSUAL DAS QUEIXAS


MES	Curso 05/06	Curso 06/07
Outubro	5	9
Novembro	5	7
Decembro	1	5
Xaneiro	7	4
Febreiro	5	5
Marzo	1	14
Abril	4	6
Maio	2	6
Xuño	4	7
Xullo	13	5
Agosto	0	0
Setembro	2	4
Total curso	49	72

nº de queixas recibidas por curso



PRAZOS DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS

Total queixas tramitadas	72	
Prazo tramitación	nº de queixas	porcentaxe
1 Mes:	38	⇒ 53%
2 Meses:	15	⇒ 21%
3 Meses:	6	⇒ 8%
> 3 Meses:	13	⇒ 18%





DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR TEMAS

TEMA	Nº. QUEIXAS PRESENTADAS
BOLSAS E AXUDAS A MEMBROS DA COM. UNIV.	9
PLANOS DE ESTUDO E VALIDACIÓNS	3
USO DA LINGUA GALEGA	2
AVALIACIÓN ACADÉMICA	6
DOCENCIA	6
MATRÍCULA E OUTROS PROCEDEMENTOS	8
SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS	1
3º CICLO, POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA	11
SERVIZOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	8
PROCEDEMENTOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL	5
PROGRAMAS DE INTERCAMBIO	4
ACCESO A ESTUDOS	1
CONDICIÓNS-FUNCIÓNS LABORAIS	1
BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS	1
PROCESOS ELECTORAIS	1
ICE	2
RELACIÓNS INTERPERSOAIS	3

4.2.- Curso 07-08



QUEIXAS POR SECTORES:

Nº. de queixas	62
Estudantes:	49
P.D.I.:	8
P.A.S.:	5




ENTRADA MENSUAL DAS QUEIXAS

MES	Curso 06/07	Curso 07/08
Outubro	9	8
Novembro	7	10
Decembro	5	6
Xaneiro	4	5
Febreiro	5	2
Marzo	14	5
Abril	6	4
Maio	6	5
Xuño	7	4
Xullo	5	8
Agosto	0	0
Setembro	4	5
Total curso	72	62



PRAZOS DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS

Total queixas tramitadas	62	
Prazo tramitación	nº de queixas	porcentaxe
1 Mes:	32	⇒ 52%
2 Meses:	11	⇒ 18%
3 Meses:	4	⇒ 6%
> 3 Meses:	15	⇒ 24%



DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR TEMAS

TEMA	Nº. QUEIXAS PRESENTADAS
BOLSAS E AXUDAS A MEMBROS DA COM. UNIV.	3
PLANOS DE ESTUDO E VALIDACIÓNS	7
DEREITOS-DISCRIMINACIÓNS	1
AVALIACIÓN ACADÉMICA	6
DOCENCIA	8
MATRÍCULA E OUTROS PROCEDEMENTOS	8
SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS	1
3º CICLO, POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA	3
SERVIZOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	5
PROCEDEMENTOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL	4
PROGRAMAS DE INTERCAMBIO	4
FUNCIÓNS LABORAIS-REIVINDICACIÓNS	3
PRÁCTICAS EN EMPRESAS	1
PROCESOS ELECTORAIS	2
CUARTO CICLO UNIVERSITARIO	2
RELACIÓNS INTERPERSOAIS-ORGÁNICAS	2
OUTRAS	2

